

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10727 *Lei 42/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Os avances no uso das novas tecnoloxías de comunicación constitúen un valioso instrumento para o desenvolvemento das actuacións da Administración de xustiza, así como na súa relación cos profesionais e os cidadáns.

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, na súa redacción orixinal xa recolleu parte destas inquietudes ao regular o uso de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos por parte da Administración de xustiza e daqueles que acrediten ter disposición dos ditos medios. Esa previsión, xunto coa Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza, que establece o deber de utilizar os medios electrónicos para os profesionais da xustiza e das oficinas xudiciais, así como a obrigaón das administracións competentes de dotar destes medios e o dereito dos cidadáns a se relacionaren electronicamente coa Administración de xustiza, supuxeron un paso moi importante no desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Non obstante, non se logrou unha aplicación xeneralizada dos medios electrónicos como forma normal de tramitación dos procedementos xudiciais e de se relacionar a Administración de xustiza cos profesionais e cos cidadáns. Por isto, constitúe unha necesidade imperiosa acometer unha reforma en profundidade das diferentes actuacións procesuais para xeneralizar e dar maior relevancia ao uso dos medios telemáticos ou electrónicos, outorgando carácter subsidiario ao soporte papel. Así, non só se conseguirá unha maior eficacia e eficiencia na tramitación dos procedementos senón tamén aforro de custos ao Estado e aos cidadáns e se reforzarán as garantías procesuais. É dicir, estaremos ante un novo concepto de Administración de xustiza e será un paso máis para mellorar o servizo público que esta constitúe.

II

Na liña indicada, establécese unha data concreta para facer efectiva a implantación das novas tecnoloxías na Administración de xustiza. A partir do 1 de xaneiro de 2016, todos os profesionais da xustiza e órganos xudiciais e fiscalías estarán obrigados a empregar os sistemas telemáticos existentes na Administración de xustiza para a presentación de escritos e documentos e a realización de actos de comunicación procesual. Para que isto sexa unha realidade, a Administración competente, as demais administracións, profesionais e organismos que agrupan os colectivos deberán establecer os medios necesarios.

Establécense normas xerais para a presentación de escritos e documentos por medios telemáticos, o que se poderá facer todos os días do ano, durante as vinte e catro horas, e

aplicarase o mesmo réxime para os escritos perentorios, con independencia do sistema utilizado de presentación. Desenvólvense as garantías que deben reunir os xustificantes que acrediten a presentación dos documentos e realízanse as adaptacións precisas en canto ao traslado de copias dos documentos presentados e ao seu valor probatorio.

Coa finalidade de que a comunicación electrónica sexa a forma habitual de actuar na Administración de xustiza tamén en relación cos cidadáns, establécese expresamente que os actos de comunicación se poderán realizar no enderezo electrónico habilitado polo destinatario ou por medio doutro sistema telemático, aínda que isto será posible a partir do 1 de xaneiro de 2017. Así mesmo, incrementase a seguridade xurídica dos interesados establecendo novas medidas que garantan o coñecemento da posta á disposición dos actos de comunicación, como é o envío de avisos de notificación, sempre que isto sexa posible, aos dispositivos electrónicos designados.

Por outra parte, como reflexo do avance tecnolóxico, introdúcese a previsión de identificación do enderezo de correo electrónico e o número de teléfono do demandado como un dos datos que pode ser de utilidade para a súa localización. Regúlase, tamén, que persoas deben utilizar con carácter obrigatorio os medios electrónicos, entre eles as persoas xurídicas, e establécese como data límite para que isto sexa de aplicación o 1 de xaneiro de 2017.

Pero, ademais, realízase unha aplicación global dos medios telemáticos ás diferentes actuacións procesuais. O uso dos medios telemáticos esténdese tamén á tramitación dos exhortos, mandamentos e oficios, exhibición de documentos en cumprimento de dilixencias preliminares ou presentación de informes periciais.

Por último, como novidade, en materia de representación inclúense novos medios para o outorgamento do apoderamento *apud acta* mediante comparecencia electrónica, así como para acreditarla no ámbito exclusivo da Administración de xustiza, mediante a súa inscrición no arquivo electrónico de apoderamentos *apud acta* que se creará para o efecto e que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017. Isto comporta a modificación da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.

III

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, estableceu unha nova regulación dos actos de comunicación en que tanto os litigantes como os seus representantes asumían un papel máis activo e eficaz. A exposición de motivos da Lei de axuízamento civil xa destacou, como peza importante deste novo deseño, os procuradores dos tribunais, e puxo de manifesto que, pola súa condición de representantes das partes e de profesionais con coñecementos técnicos sobre o proceso, estaban en condicións de recibir notificacións e de levar a cabo o traslado á parte contraria de moitos escritos e documentos, polo que son, hoxe, os responsables dos servizos de recepción e práctica das notificacións. As reformas acometidas con posterioridade, en particular a Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, reforzando o papel dos servizos comúns, sentaron as bases para pór as novas tecnoloxías ao servizo dos cidadáns que se ven na necesidade de acudir aos tribunais.

En todo este proceso de modernización da xustiza, a figura do procurador, con gran raizame histórica no noso ordenamento xurídico, tivo unha intervención directa e activa, e nestes momentos está chamada a xogar un papel dinamizador das relacións entre as partes, os seus avogados e as oficinas xudiciais. Os procuradores asumiron, a medida que a situación o foi requirindo, en virtude da súa condición de cooperadores da Administración de xustiza, un maior protagonismo nos labores de xestión e tramitación dos procedementos xudiciais, desempeñando en parte funcións que hoxe en día compatibilizan coa súa orixinaria función de representantes procesuais dos litigantes. Así, a Lei 37/2011, do 10 de outubro, de medidas de axilización procesual, especialmente coa reforma levada a cabo no artigo 26 da Lei de axuízamento civil, acentuou esa condición que vén caracterizando desde hai tempo a actuación do procurador cando desempeña a súa función como colaborador da Administración de xustiza, na liña marcada polo Libro branco da xustiza elaborado no seo do

Consello Xeral do Poder Xudicial, que xa puxo de relevo a necesidade de considerar «a conveniencia de tender a un sistema en que, mantendo a figura do procurador como representante dos cidadáns ante os tribunais, poida tamén asumir outras funcións de colaboración cos órganos xurisdicionais e cos avogados directores da defensa das partes no procedemento, concretamente, no marco dos actos de comunicación, nas fases procesuais de proba e execución e nos sistemas de venda forzosa de bens embargados, nos termos e coas limitacións que se establecen noutras partes deste estudo».

A presente lei continúa na dirección indicada e parte, igualmente, da condición do procurador como colaborador da Administración de xustiza a quen corresponde a realización de todas aquelas actuacións que resulten necesarias para o impulso e a boa marcha do proceso.

Así, refórzase o elenco de atribucións e obrigacións dos procuradores respecto da realización dos actos de comunicación ás persoas que non son o seu representado. A reforma parte da dualidade actual do sistema e mantén as posibilidades da súa realización ben polos funcionarios do Corpo de Auxilio Xudicial ben polo procurador da parte que así o solicite, á súa custa e, en ambos os casos, baixo a dirección do secretario xudicial. Pero exige que, en todo escrito mediante o que se inicie un procedemento xudicial, de execución ou instancia xudicial, o solicitante debe expresar a súa vontade ao respecto, entendendo que, de non indicar nada, as practicarán os funcionarios xudiciais. Non obstante, este réxime non será aplicable ao Ministerio Fiscal nin naqueles procesos seguidos ante calquera xurisdición en que rexa o disposto no artigo 11 da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas.

Como novidade destacable, atribúese aos procuradores a capacidade de certificación para realizar todos os actos de comunicación, o que lles permitirá a súa práctica co mesmo alcance e efectos que os realizados polos funcionarios do Corpo de Auxilio Xudicial e, con isto, exímense da necesidade de verse asistidos por testemuñas, o que redundará na axilización do procedemento. De forma correlativa, no desempeño das referidas funcións, sen prexuízo da posibilidade de substitución por outro procurador, conforme o previsto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, os procuradores deberán actuar necesariamente de forma persoal e indelegable, con pleno sometemento aos requisitos procesuais que rexen cada acto, baixo a estrita dirección do secretario xudicial e control xudicial, e prevese expresamente que a súa actuación será impugnabile ante o secretario xudicial e que contra o decreto resolutivo desta impugnación se poderá interpor, pola súa vez, recurso de revisión ante o tribunal.

Directamente relacionado coa actuación dos procuradores, para unificar as diferentes prácticas forenses que se están desenvolvendo nos tribunais en relación cos procedementos de contas xuradas de procuradores e reclamación de honorarios dos avogados, establécese expresamente para estes procedementos a non existencia de postulación e, en consecuencia, a ausencia de custas procesuais, como así o vén recollendo reiteradamente a xurisprudencia do Tribunal Supremo.

IV

Por outro lado, aprovéitase a presente reforma para introducir modificacións na regulación do xuízo verbal coa finalidade de reforzar as garantías derivadas do dereito constitucional á tutela xudicial efectiva, que son froito da aplicación práctica da Lei de axuízamento civil e que viñan sendo demandadas polos diferentes operadores xurídicos.

Entre as modificacións operadas debe destacarse a introdución da contestación escrita, que deberá presentarse no prazo de dez días, a metade do establecido para o procedemento ordinario, xeneralizando con isto a previsión que xa se recollía para determinados procedementos especiais, o que comportou a adecuación de todos os preceptos relacionados co trámite do xuízo verbal e dos procesos cuxa regulación se remite a el, incluída a Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje. Igual relevancia se debe atribuír á regulación, naqueles supostos en que resulte procedente, do trámite de conclusións no xuízo verbal, así como do réxime de recursos das resolucións sobre proba. Do mesmo modo, sempre que o tribunal o considere pertinente, outórgase ás partes a

posibilidade de renunciaren á celebración do trámite de vista e exíxese que se anuncie con antelación a proposición da proba do interrogatorio da parte.

Por outra parte, establécese a necesidade de que se achegue a minuta da proposición de proba na audiencia previa do xuízo ordinario por escrito, sen prexuízo de reproducirse verbalmente ou completarse no acto, co fin de favorecer o desenvolvemento dos trámites posteriores, ao non estar xa presente no acto o secretario xudicial.

Tamén se aborda a sucesión procesual do executante ou executado cando a execución xa está despachada, ante a lagoa legislativa existente e as diferentes posicións adoptadas polos tribunais.

V

Por último, a reforma da Lei de axuizamento civil dá cumprimento á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 14 de xuño de 2012, no asunto Banco Español de Crédito, C-618/10, onde, tras o exame da regulación do proceso monitorio en España, en relación coa Directiva 93/13/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993, sobre as cláusulas abusivas nos contratos celebrados con consumidores, declarou que a normativa española non é acorde co dereito da Unión Europea en materia de protección dos consumidores, na medida en «que non permite que o xuíz que coñece dunha demanda nun proceso monitorio, aínda cando dispoña dos elementos de feito e de dereito necesarios para o efecto, examine de oficio *–in limine litis* nin en ningunha fase do procedemento– o carácter abusivo dunha cláusula sobre xuros de demora contida nun contrato celebrado entre un profesional e un consumidor, cando este último non formulase oposición». Por esta razón, introdúcese no artigo 815 da Lei de axuizamento civil, nun novo número 4, un trámite que permitirá ao xuíz, previamente a que o secretario xudicial acorde realizar o requirimento, controlar a eventual existencia de cláusulas abusivas nos contratos en que se baseen os procedementos monitorios que se dirixan contra consumidores ou usuarios e, se for o caso, tras dar audiencia a ambas as partes, resolver o procedente, sen que isto produza efecto de cousa xulgada, como exige a normativa europea.

Igualmente, dáse cobertura á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 6 de outubro de 2009 e ao criterio consolidado na nosa xurisprudencia ao incorporar a posibilidade do control xudicial das cláusulas abusivas no despacho de execución de laudos arbitrais, ao igual que xa está previsto para os títulos non xudiciais.

VI

Esta reforma serve tamén para levar a cabo unha primeira actualización do réxime da prescrición que contén o Código civil, cuestión dunha grande importancia na vida xurídica e económica dos cidadáns.

A partir dos traballos da Comisión Xeral de Codificación, acórtase o prazo xeral das accións persoais do artigo 1964 establecendo un prazo xeral de cinco anos. Con isto obtense un equilibrio entre os xuros do acredor na conservación da súa pretensión e a necesidade de asegurar un prazo máximo. A disposición transitoria relativa a esta materia permite a aplicación ás accións persoais nadas antes da entrada en vigor desta lei dun réxime tamén máis equilibrado, producindo efecto o novo prazo de cinco anos.

VII

Finalmente, aprovéitase a reforma para incluír aquelas modificacións que se consideran máis necesarias en relación coa Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, co fin de adecuala á realidade actual. A reforma segue configurando o sistema de xustiza gratuíta como un servizo público, financiado con fondos públicos e prestado fundamentalmente pola avogacía e a procuradoría.

Na reforma da Lei de asistencia xurídica gratuíta pode destacarse un primeiro grupo de modificacións que responde á necesidade de resolver as diversas dúbidas interpretativas que se viñeron presentando e que acabaron por pór en perigo a

uniformidade na aplicación do modelo e, por conseguinte, a igualdade no acceso ao dereito á asistencia xurídica gratuíta. A tal fin responden as modificacións relativas á precisión de que o recoñecemento do dereito por circunstancias sobrevidas non ten carácter retroactivo, a que as achegas do sistema serán proporcionais nos supostos de pluralidade de litigantes con dereito a asistencia xurídica gratuíta, ou en relación cos efectos da solicitude sobre a caducidade ou prescrición.

Un segundo bloque de cambios son os que afectan a definición dos supostos que permitirán o recoñecemento deste dereito, establecendo unha casuística máis ampla que a existente até agora.

Mantense o recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta a determinadas vítimas nos termos introducidos polo Real decreto lei 3/2013, do 22 de febreiro, polo que se modifica o réxime de taxas no ámbito da Administración de xustiza e o sistema de asistencia xurídica gratuíta, con independencia dos seus recursos económicos (vítimas de violencia de xénero, de terrorismo e de tráfico de seres humanos, menores e persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental). Este acceso acompáñase dunha atención ou asesoramento xurídico especializado desde o momento de interposición da denuncia, establecendo unha quenda especial de designación de profesionais para asegurar este labor de asesoramento previo, seguindo as previsións que tamén recollen as normas da Unión Europea. Este é o caso da Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a tráfico de seres humanos e á protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.

Ademais, estas vítimas serán defendidas por un mesmo avogado en todos os procedementos, sempre que sexa posible, co que se garante a súa intimidade e se diminúe a posibilidade de revitimización. E, por outra parte, impídese que calquera implicado, e non só o agresor, en actos de violencia contra calquera das referidas vítimas que sexa habente causa da vítima poida obter o dito beneficio. Como consecuencia destas reformas, adáptase a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Na loita contra o terrorismo, recoñéceselles ás asociacións que teñen como fin a promoción e defensa dos dereitos das vítimas de terrorismo a asistencia xurídica gratuíta, con independencia dos seus recursos económicos. Isto supón a reforma da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.

A reforma, para garantir unha maior equidade, inclúe dentro da unidade familiar de catro ou máis membros as familias numerosas, con independencia do seu número, de forma que se aumenta a cobertura do sistema.

No ámbito penal, como consecuencia da aprobación da Directiva 2013/48/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013, sobre o dereito á asistencia de letrado nos procesos penais e nos procesos relativos á orde de detención europea, recoñéceselles expresamente ás persoas reclamadas e detidas como consecuencia dunha orde europea de detención e entrega a presenza de avogado da quenda de oficio se non o designou. Así mesmo, para garantir os dereitos tanto dos beneficiarios como dos avogados, sinálase expresamente que no ámbito penal se prestará a asistencia sen necesidade de acreditar insuficiencia de recursos, sen prexuízo de aboar os honorarios devindicados se non se lles recoñecese o dereito.

De acordo coa Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, sobre certos aspectos da mediación en asuntos civís e mercantís, os Estados membros deben alentar os profesionais do dereito a informaren os seus clientes das posibilidades que ofrece a mediación. En consonancia con esta previsión comunitaria, a disposición adicional segunda da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, estableceu que as administracións públicas competentes procurarán incluír a mediación dentro do asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso, previstos no artigo 6 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, na medida en que permita reducir tanto a litixiosidade como os seus custos, e coa reforma cúmprese esta previsión. Así, inclúese expresamente dentro da prestación relativa ao asesoramento e

orientación gratúitos o dereito do beneficiario da asistencia xurídica gratuíta a recibir toda a información relativa á mediación e outros medios extraxudiciais de solución de conflitos como alternativa ao proceso xudicial. Non obstante, a obrigaón de facilitar esta información non supón que se deban asumir os gastos xerados na sesión informativa a que se refire a Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

O terceiro grupo de reformas afecta o funcionamento do sistema. Promóvese o desenvolvemento da tecnoloxía coa regulación da presentación da solicitude, busca de datos e comunicación da resolución aos órganos por medios tecnolóxicos.

Entre as disfuncións detectadas estes últimos anos de aplicación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, están as situacións de discordancia nos datos achegados polos solicitantes coa realidade. Para tratar de dar unha solución, aumentáanse as facultades de indagación patrimonial por parte das comisións de asistencia xurídica gratuíta, de tal forma que non só se lle requira á Administración tributaria a confirmación dos datos, senón que tamén se poderá instar o Catastro, a Seguridade Social e os rexistros da propiedade e mercantís e, en xeral, aqueles outros que permitan comprobar por medios electrónicos a información proporcionada na solicitude. Igualmente, a información que se vai comprobar non é só a relativa a rendas ou ingresos, senón que tamén se vai tomar en consideración o patrimonio. Para garantir a protección de datos, exíxese o consentimento expreso do solicitante e, se for o caso, do seu cónxuxe ou parella de feito, ao precisar a comprobación dos seus datos fiscais como integrante da unidade familiar.

Esta formulación complétase tamén coa posibilidade de que o xuíz competente revogue o dereito se aprecia temeridade ou abuso do dereito na pretensión amparada polo dereito de asistencia xurídica gratuíta.

Igualmente, establécese que o procedemento de revogación do dereito de xustiza gratuíta que realice a Comisión debe ser con audiencia do interesado e con resolución motivada, e atribúese a esta tamén o trámite para a declaración de que o beneficiario chegou a mellor fortuna. Finalmente, para axilizar a tramitación e resolución xudicial das impugnacións realizadas ás resolucións da Comisión sobre xustiza gratuíta, amplíase o prazo a dez días para a súa interposición e establécese un procedemento por escrito, e elimínase a vista, salvo excepcións.

En canto á composición das comisións, exclúese destas o Ministerio Fiscal, o que era reiteradamente reclamado, e establécese, en consecuencia, na presidencia un sistema rotatorio semestral entre os membros. Para facilitar o funcionamento das comisións establécese un réxime especial de substitucións do funcionario do Ministerio de Xustiza que forma parte dela.

En definitiva, a reforma da Lei de asistencia xurídica gratuíta supón un impulso á viabilidade do modelo español de xustiza gratuíta.

VIII

Tamén se acomete a reforma da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, para permitir que os funcionarios públicos, que non teñen recoñecido o dereito de xustiza gratuíta con independencia dos seus recursos, poidan comparecer por si mesmos en defensa dos seus dereitos estatutarios, cando se refiran a cuestións de persoal que non impliquen separación de empregados públicos inamovibles, co que se recupera a regulación xa existente con anterioridade á Lei 10/2012.

Finalmente, modifícase a Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, para traspor os pronunciamentos do Tribunal Constitucional respecto á posibilidade de realizar o pagamento da taxa no prazo outorgado para a emenda da acreditación de ter realizado a autoliquidación.

Artigo único. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 14, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Cando a lei permita ao demandado chamar un terceiro para que interveña no proceso, procederase conforme as seguintes regras:

1.^a O demandado solicitará do tribunal que lle sexa notificada ao terceiro a pendencia do xuízo. A solicitude deberase presentar dentro do prazo outorgado para contestar a demanda.

2.^a O secretario xudicial ordenará a interrupción do prazo para contestar a demanda con efectos desde o día en que se presentou a solicitude e acordará oír o demandante no prazo de dez días, co que o tribunal resolverá mediante auto o que proceda.

3.^a O prazo concedido ao demandado para contestar a demanda reiniciarase coa notificación ao demandado da desestimación da súa petición ou, se é estimada, co traslado do escrito de contestación presentado polo terceiro e, en todo caso, ao expirar o prazo concedido a este último para contestar a demanda.

4.^a Se, unha vez comparecido o terceiro, o demandado considera que o seu lugar no proceso debe ser ocupado por aquel, procederase conforme o disposto no artigo 18.

5.^a No caso de que na sentenza resulte absolto o terceiro, as custas poderanse impor a quen solicitou a súa intervención conforme os criterios xerais do artigo 394.»

Dous. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 23 e engádense os números 4, 5 e 6, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. A comparecencia en xuízo será por medio de procurador, que deberá ser licenciado en Dereito, graduado en Dereito ou outro título universitario de grao equivalente, habilitado para exercer a súa profesión no tribunal que coñeza do xuízo.

2. Non obstante o disposto no número anterior, poderán os litigantes comparecer por si mesmos:

1.º Nos xuízos verbais cuxa determinación se efectuase por razón da contía e esta non exceda os 2.000 euros, e para a petición inicial dos procedementos monitorios, conforme o previsto nesta lei.

2.º Nos xuízos universais, cando se limite a comparecencia á presentación de títulos de crédito ou dereitos, ou para concorrer a xuntas.

3.º Nos incidentes relativos a impugnación de resolucións en materia de asistencia xurídica gratuíta e cando se soliciten medidas urxentes con anterioridade ao xuízo.

4. Nos termos establecidos nesta lei, corresponde aos procuradores a práctica dos actos procesuais de comunicación e a realización de tarefas de auxilio e cooperación cos tribunais.

5. Para a realización dos actos de comunicación, terán capacidade de certificación e disporán das credenciais necesarias.

No exercicio das funcións previstas neste número e sen prexuízo da posibilidade de substitución por outro procurador conforme o previsto na Lei orgánica do poder xudicial, actuarán de forma persoal e indelegable e a súa actuación será impugnabile ante o secretario xudicial conforme a tramitación prevista nos artigos 452 e 453. Contra o decreto resolutivo desta impugnación poderase interpor recurso de revisión.

6. Para a práctica dos actos procesuais e demais funcións atribuídas aos procuradores, os colexios de procuradores organizarán os servizos necesarios.»

Tres. Modifícase o artigo 24, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 24. *Apoderamento do procurador.*

1. O poder en que a parte outorgue a súa representación ao procurador deberá estar autorizado por notario ou ser conferido *apud acta* por comparecencia persoal ante o secretario xudicial de calquera oficina xudicial ou por comparecencia electrónica na correspondente sede xudicial.

2. A copia electrónica do poder notarial de representación, informática ou dixitalizada, xuntarase ao primeiro escrito que o procurador presente.

3. O outorgamento *apud acta* por comparecencia persoal ou electrónica deberá ser efectuado ao mesmo tempo que a presentación do primeiro escrito ou, se for o caso, antes da primeira actuación, sen necesidade de que ao dito outorgamento concorra o procurador. Este apoderamento poderase acreditar, igualmente, mediante a certificación da súa inscrición no arquivo electrónico de apoderamentos *apud acta* das oficinas xudiciais. »

Catro. Modifícase o ordinal 7.º do número 2 do artigo 26, que queda redactado do seguinte modo:

«7.º A pagar todos os gastos que se causaren pola súa instancia, excepto os honorarios dos avogados e os correspondentes aos peritos, as taxas polo exercicio da potestade xurisdiccional e os depósitos necesarios para a presentación de recursos, salvo que o poderdante lle entregase os fondos necesarios para o seu aboamento.»

Cinco. Modifícase o ordinal 1.º do número 2 do artigo 31, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Exceptuándose soamente:

1.º Os xuízos verbais cuxa determinación se efectuase por razón da contía e esta non exceda os 2.000 euros e a petición inicial dos procedementos monitorios, conforme o previsto nesta lei.»

Seis. Modifícase o artigo 34, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 34. *Conta do procurador.*

1. Cando un procurador teña que exixir do seu poderdante moroso as cantidades que este lle deba polos dereitos e gastos que suplise para o asunto, poderá presentar ante o secretario xudicial do lugar en que este radique conta detallada e xustificada, manifestando que lle son debidas e non satisfeitas as cantidades que dela resulten e reclame. Igual dereito que os procuradores terán os seus herdeiros respecto aos créditos desta natureza que aqueles lles deixen. Non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador.

2. Unha vez presentada a conta e admitida polo secretario xudicial, este requirirá o poderdante para que pague a dita suma ou impugne a conta por ser indebida, no prazo de dez días, baixo apercibimento de constrinximento se non paga nin formula impugnación.

Se, dentro do dito prazo, o poderdante se opón, o secretario xudicial dará traslado ao procurador por tres días para que se pronuncie sobre a impugnación. A continuación, o secretario xudicial examinará a conta e as actuacións procesuais, así como a documentación achegada, e ditará, no prazo de dez días, decreto en que determine a cantidade que se lle deba satisfacer ao procurador, baixo apercibimento de constrinximento se o pagamento non se efectúa dentro dos cinco días seguintes á notificación.

O decreto a que se refire o parágrafo anterior non será susceptible de recurso, pero non prexulgará, nin sequera parcialmente, a sentenza que se poida ditar en xuízo ordinario ulterior.

3. Se o poderdante non formula oposición dentro do prazo establecido, despacharase execución pola cantidade a que ascenda a conta.»

Sete. Modifícase o artigo 35, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 35. *Honorarios dos avogados.*

1. Os avogados poderán reclamar fronte á parte que defendan o pagamento dos honorarios que devindicasen no asunto, para o que presentarán minuta detallada e manifestarán formalmente que eses honorarios lles son debidos e non

foron satisfeitos. Igual dereito que os avogados terán os seus herdeiros respecto aos créditos desta natureza que aqueles lles deixen. Non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador.

2. Unha vez presentada esta reclamación, o secretario xudicial requirirá o debedor para que pague a dita suma ou impugne a conta, no prazo de dez días, baixo apercibimento de constrinximento se non paga nin formula impugnación.

Se, dentro do citado prazo, os honorarios se impugnan por indebidos, observárase o disposto nos parágrafos segundo e terceiro do número 2 do artigo anterior.

Se se impugnan os honorarios por excesivos, o secretario xudicial dará traslado ao avogado por tres días para que se pronuncie sobre a impugnación. Se non acepta a redución de honorarios que se lle reclama, o secretario xudicial procederá previamente á súa regulación conforme o previsto nos artigos 241 e seguintes, salvo que o avogado acredite a existencia de orzamento previo en escrito aceptado polo impugnante, e ditará decreto en que fixe a cantidade debida, baixo apercibimento de constrinximento se non se paga dentro dos cinco días seguintes á notificación.

Este decreto non será susceptible de recurso, pero non prexulgará, nin sequera parcialmente, a sentenza que se poida ditar en xuízo ordinario ulterior.

3. Se o debedor dos honorarios non formula oposición dentro do prazo establecido, despacharase execución pola cantidade a que ascenda a minuta.»

Oito. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 52, que quedan redactados do seguinte modo:

«2. Cando as normas do número anterior non sexan de aplicación aos litixios en materia de seguros, vendas a prazos de bens mobles corporais e contratos destinados ao seu financiamento, así como en materia de contratos de prestación de servizos ou relativos a bens mobles cuxa celebración fose precedida de oferta pública, será competente o tribunal do domicilio do asegurado, comprador ou prestatario ou o do domicilio de quen aceptase a oferta, respectivamente, ou o que corresponda conforme as normas dos artigos 50 e 51, á escolla do demandante.

3. Cando as normas dos números anteriores non sexan de aplicación aos litixios derivados do exercicio de accións individuais de consumidores ou usuarios, será competente, á escolla do consumidor ou usuario, o tribunal do seu domicilio ou o tribunal correspondente, conforme os artigos 50 e 51.»

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 64, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A declinatoria deberase propor dentro dos dez primeiros días do prazo para contestar a demanda e producirá o efecto de suspender, até que sexa resolta, o prazo para contestar e o curso do procedemento principal, suspensión que declarará o secretario xudicial.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 77, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Salvo o disposto no artigo 555 desta lei sobre a acumulación de procesos de execución, só procederá a acumulación de procesos declarativos que se substancien polos mesmos trámites ou cuxa tramitación poida unificarse sen perda de dereitos procesuais, sempre que concorra algunha das causas expresadas neste capítulo.

Entenderase que non hai perda de dereitos procesuais cando se acorde a acumulación dun xuízo ordinario e un xuízo verbal, que proseguirán polos trámites do xuízo ordinario, e no auto polo que acorde a acumulación o tribunal ordenará, se for necesario, retrotraer até o momento de contestación á demanda as actuacións do xuízo verbal que fose acumulado, co fin de que siga os trámites previstos para o xuízo ordinario.»

Once. Modifícase o artigo 80, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 80. *Acumulación de procesos no xuízo verbal.*

Nos xuízos verbais, a acumulación de procesos que estean pendentes ante o mesmo tribunal regularase polas normas da sección seguinte.»

Doce. Engádese un número 4 ao artigo 130, que queda redactado do seguinte modo:

«4. O previsto nos números anteriores entenderase sen prexuízo do que se poida establecer para as actuacións electrónicas.»

Trece. Modifícase o artigo 135, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 135. *Presentación de escritos, para efectos do requisito de tempo dos actos procesuais.*

1. Cando as oficinas xudiciais e os suxeitos intervinientes nun proceso estean obrigados ao emprego dos sistemas telemáticos ou electrónicos existentes na Administración de xustiza conforme o artigo 273, remitirán e recibirán todos os escritos, iniciadores ou non, e demais documentos a través destes sistemas, salvo as excepcións establecidas na lei, de forma tal que estea garantida a autenticidade da comunicación e quede constancia fidedigna da remisión e da recepción íntegras, así como da data en que estas se fixeron. Isto será tamén de aplicación a aqueles intervinientes que, sen estaren obrigados, opten polo uso dos sistemas telemáticos ou electrónicos.

Poderanse presentar escritos e documentos en formato electrónico todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

Presentados os escritos e documentos por medios telemáticos, emitirase automaticamente recibo polo mesmo medio, con expresión do número de entrada de rexistro e da data e hora de presentación, en que se considerarán presentados para todos os efectos. En caso de que a presentación teña lugar en día ou hora inhábil para efectos procesuais conforme a lei, entenderase efectuada o primeiro día e hora hábil seguinte.

Para efectos de proba e do cumprimento de requisitos legais que exixan dispor dos documentos orixinais ou de copias fidedignas, observarase o previsto no artigo 162.

2. Cando a presentación de escritos perentorios dentro de prazo polos medios telemáticos ou electrónicos a que se refire o número anterior non sexa posible por interrupción non planificada do servizo de comunicacións telemáticas ou electrónicas, sempre que sexa posible disporanse as medidas para que o usuario resulte informado desta circunstancia, así como dos efectos da suspensión, con indicación expresa, se for o caso, da prórroga dos prazos de inminente vencemento. O remitente poderá proceder, neste caso, á súa presentación na oficina xudicial o primeiro día hábil seguinte xuntando o xustificante da dita interrupción.

Nos casos de interrupción planificada deberá anunciarse coa antelación suficiente, informando dos medios alternativos de presentación que, en tal caso, procedan.

3. Se o servizo de comunicacións telemáticas ou electrónicas resulta insuficiente para a presentación dos escritos ou documentos, deberase presentar en soporte electrónico na oficina xudicial ese día ou o día seguinte hábil, xunto co xustificante expedido polo servidor de ter intentado a presentación sen éxito. Nestes casos, entregarase recibo da súa recepción.

4. Sen prexuízo do anterior, os escritos e documentos presentaranse en soporte papel cando os interesados non estean obrigados a utilizar os medios telemáticos e non optasen por isto, cando non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico e nos demais supostos previstos nas leis. Estes documentos,

así como os instrumentos ou efectos que se xunten, quedarán depositados e custodiados no arquivo, de xestión ou definitivo, da oficina xudicial, á disposición das partes. Asignaráselles un número de orde e deixarase constancia no expediente xudicial electrónico da súa existencia.

En caso de presentación de escritos e documentos en soporte papel, o funcionario designado para isto estampará nos escritos de iniciación do procedemento e de calquera outro cuxa presentación estea suxeita a prazo perentorio o correspondente selo en que se fará constar a oficina xudicial ante a que se presenta e o día e hora da presentación.

5. A presentación de escritos e documentos, calquera que sexa a forma, se está suxeita a prazo, poderase efectuar até as quince horas do día hábil seguinte ao do vencemento do prazo.

Nas actuacións ante os tribunais civís non se admitirá a presentación de escritos no xulgado que preste o servizo de garda.»

Catorce. Modifícase o número 3 do artigo 146, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Os tribunais poderán empregar medios técnicos de documentación e arquivamento das súas actuacións e dos escritos e documentos que reciban, coas garantías a que se refire o número 1 do artigo 135 desta lei. Tamén poderán empregar medios técnicos de seguimento do estado dos procesos e de estatística relativa a estes.»

Quince. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 147, que queda redactado do seguinte modo:

«As actuacións orais en vistas, audiencias e comparecencias celebradas ante os xuíces ou maxistrados ou, se for o caso, ante os secretarios xudiciais, rexistraranse en soporte apto para a gravación e reprodución do son e a imaxe e non se poderán transcribir.»

Dezaseis. Modifícase o número 2 do artigo 151, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Os actos de comunicación ao Ministerio Fiscal, á Avogacía do Estado, aos letrados das Cortes Xerais e das asembleas lexislativas, ou do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social, das demais administracións públicas das comunidades autónomas ou dos entes locais, así como os que se practiquen a través dos servizos de notificacións organizados polos colexios de procuradores, teranse por realizados o día seguinte hábil á data de recepción que conste na dilixencia ou no xustificante acreditativo da súa recepción cando o acto de comunicación se efectuase polos medios e cos requisitos que establece o artigo 162. Cando o acto de comunicación sexa remitido con posterioridade ás 15:00 horas, terase por recibido ao día seguinte hábil.»

Dezasete. Modifícase o artigo 152, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 152. *Forma dos actos de comunicación. Resposta.*

1. Os actos de comunicación realizaranse baixo a dirección do secretario xudicial, que será o responsable da adecuada organización do servizo. Tales actos executaranos:

- 1.º Os funcionarios do Corpo de Auxilio Xudicial.
- 2.º O procurador da parte que o solicite.

Para tal efecto, en todo escrito que dea inicio a un procedemento xudicial, de execución, ou a outra instancia, o solicitante deberá expresar se solicita que todos

os actos de comunicación os realice o seu procurador. Se non se manifesta nada ao respecto, o secretario xudicial dará curso aos autos e tales actos realizaranos os funcionarios do Corpo de Auxilio Xudicial. Tamén serán realizados por estes últimos se os demandados, executados ou recorridos non solicitan expresamente no seu escrito de constitución como parte que os realice o seu procurador, ou se as partes son beneficiarias do dereito de asistencia xurídica gratuíta.

Os solicitantes poderán, de forma motivada e concorrendo xusta causa, pedir a modificación do réxime inicial, e o secretario xudicial procederá, se o considera xustificado, a realizar os sucesivos actos de comunicación conforme a nova petición.

Teranse por validamente realizados estes actos de comunicación cando na dilixencia quede constancia suficiente de ter sido practicados na persoa, no domicilio, no enderezo electrónico habilitado para o efecto, por comparecencia electrónica ou polos medios telemáticos ou electrónicos elixidos polo destinatario.

Para estes efectos, o procurador acreditará, baixo a súa responsabilidade, a identidade e condición do receptor do acto de comunicación, coidando de que na copia quede constancia fidedigna da recepción, da súa data e hora e do contido do comunicado.

2. Os actos de comunicación practicaranse por medios electrónicos cando os suxeitos intervinientes nun proceso estean obrigados ao emprego dos sistemas telemáticos ou electrónicos existentes na Administración de xustiza, conforme o artigo 273, ou cando aqueles, sen estaren obrigados, opten polo uso deses medios, con suxeición, en todo caso, ás disposicións contidas na normativa reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.

Non obstante, os actos de comunicación non se practicarán por medios electrónicos cando o acto vaia acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico ou así o dispoña a lei.

O destinatario poderá identificar un dispositivo electrónico, servizo de mensaxaría simple ou un enderezo de correo electrónico que servirán para informalo da posta á súa disposición dun acto de comunicación, pero non para a práctica de notificacións. En tal caso, con independencia da forma en que se realice o acto de comunicación, a oficina xudicial enviará o referido aviso. A falta de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Os actos de comunicación efectuaranse nalgunha das formas seguintes, segundo dispoña esta lei:

1.^a A través de procurador, tratándose de comunicacións aos que se constituísen como parte no proceso con representación daquel.

2.^a Remisión do que se deba comunicar mediante correo, telegrama, correo electrónico ou calquera outro medio electrónico que permita deixar nos autos constancia fidedigna da recepción, da súa data e hora e do contido do comunicado.

3.^a Entrega ao destinatario de copia literal da resolución que se lle deba notificar, do requirimento que o tribunal ou o secretario xudicial lle dirixa, ou da cédula de citación ou emprazamento.

4.^a En todo caso, serán efectuados polo persoal ao servizo da Administración de xustiza, a través de medios telemáticos, cando se trate do Ministerio Fiscal, da Avogacía do Estado, dos letrados das Cortes Xerais e das asembleas lexislativas, ou do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social, das demais administracións públicas das comunidades autónomas ou dos entes locais, se non teñen designado procurador.

4. Na cédula farase constar claramente o carácter xudicial do escrito e expresará o tribunal ou secretario xudicial que ditase a resolución e o asunto en que recaese, o nome e apelidos da persoa a quen se faga a citación ou emprazamento, e do procurador encargado de cumprilo, se for o caso, o obxecto destes e o lugar, día e hora en que deba comparecer o citado, ou o prazo dentro do cal se deba

realizar a actuación a que se refira o emprazamento, coa prevención dos efectos que, en cada caso, a lei estableza.

5. Nas notificacións, citacións e emprazamentos non se admitirá nin consignará resposta ningunha do interesado, a non ser que así se mandase. Nos requirimentos admitirase a resposta que dea o requirido e consignarase sucintamente na dilixencia.»

Dezaoito. Modifícase o número 2 do artigo 154, que queda redactado do seguinte modo:

«2. A remisión e recepción dos actos de comunicación cos procuradores neste servizo realizarase, salvo as excepcións establecidas na lei, polos medios telemáticos ou electrónicos e co xustificante acreditativo da súa recepción a que se refire o artigo 162.

Se hai que realizar o acto en soporte papel, remitirase ao servizo, por duplicado, a copia da resolución ou da cédula, das cales o procurador recibirá un exemplar e asinará outro, que será devolto á oficina xudicial polo propio servizo.»

Dezanove. Modifícase o número 2 do artigo 155, que queda redactado do seguinte modo:

«2. O domicilio do demandante será o que fixese constar na demanda ou na petición ou solicitude con que se inicie o proceso. Así mesmo, o demandante designará, como domicilio do demandado, para efectos do primeiro emprazamento ou citación deste, un ou varios dos lugares a que se refire o número seguinte deste artigo. Se o demandante designa varios lugares como domicilios, indicará a orde pola cal, ao seu entender, se pode efectuar con éxito a comunicación.

Así mesmo, o demandante deberá indicar cantos datos coñeza do demandado e que poidan ser de utilidade para a localización deste, como números de teléfono, de fax, enderezo de correo electrónico ou similares, que se utilizarán con suxeición ao disposto na Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.

O demandado, unha vez comparecido, poderá designar, para sucesivas comunicacións, un domicilio distinto.»

Vinte. Modifícase o número 1 do artigo 159, que queda redactado do seguinte modo:

«1. As comunicacións que se deban facer a testemuñas, peritos e outras persoas que, sen ser parte no xuízo, deban intervir nel, remitiranse aos seus destinatarios, conforme o disposto no número 1 do artigo 160. A remisión farase ao domicilio que designe a parte interesada, e poderanse realizar, se for o caso, as pescudas a que se refire o artigo 156. Estas comunicacións serán dilixenciadas polo procurador da parte que as propuxese, se así o solicitou.»

Vinte e un. Modifícase o artigo 161, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 161. *Comunicación por medio de copia da resolución ou de cédula.*

1. A entrega ao destinatario da comunicación da copia da resolución ou da cédula efectuarase na sede do tribunal ou no domicilio da persoa que deba ser notificada, requirida, citada ou emprazada, sen prexuízo do previsto no ámbito da execución.

A entrega documentarase por medio de dilixencia que será asinada polo funcionario ou procurador que a efectúe e pola persoa a quen se faga, cuxo nome se fará constar.

2. Cando o destinatario da comunicación sexa achado no domicilio e se negue a recibir a copia da resolución ou da cédula ou non queira asinar a dilixencia acreditativa da entrega, o funcionario ou o procurador que asuma a súa práctica

faralle saber que a copia da resolución ou da cédula queda á súa disposición na oficina xudicial, e que se producirán os efectos da comunicación, e de todo isto quedará constancia na dilixencia.

3. Se o domicilio onde se pretende practicar a comunicación é o lugar en que o destinatario ten o seu domicilio segundo o padrón municipal, ou para efectos fiscais, ou segundo rexistro oficial ou publicacións de colexios profesionais, ou é a vivenda ou local arrendado ao demandado, e non se encontra alí o dito destinatario, poderase efectuar a entrega, en sobre cerrado, a calquera empregado, familiar ou persoa coa que conviva, maior de catorce anos, que se encuentre nese lugar, ou ao conserxe do predio, se o tiver. Advertiráselle ao receptor que está obrigado a entregar a copia da resolución ou a cédula ao destinatario desta, ou a darlle aviso, se sabe o seu paradiro. En todo caso advertiráselle ao receptor a súa responsabilidade en relación coa protección dos datos do destinatario.

Se a comunicación se dirixe ao lugar de traballo non ocasional do destinatario, en ausencia deste, a entrega efectuarase a persoa que manifeste coñecer aquel ou, se existe dependencia encargada de recibir documentos ou obxectos, a quen estea a cargo dela, coas mesmas advertencias do parágrafo anterior.

Na dilixencia farase constar o nome da persoa destinataria da comunicación e a data e a hora en que foi buscada e non encontrada no seu domicilio, así como o nome da persoa que recibe a copia da resolución ou da cédula e a relación da dita persoa co destinatario. A comunicación así realizada producirá todos os seus efectos.

4. No caso de que non se ache ninguén no domicilio a que se acuda para a práctica dun acto de comunicación, o secretario xudicial, funcionario ou procurador, procurará indagar se vive alí o seu destinatario.

Se xa non reside ou non traballa no domicilio a que se acude e algunha das persoas consultadas coñece o actual, este consignarase na dilixencia negativa de comunicación e procederase á realización do acto de comunicación no domicilio facilitado.

Se non se pode coñecer por este medio o domicilio do demandado e o demandante non designou outros posibles domicilios, procederase de conformidade co establecido no artigo 156.»

Vinte e dous. Modifícase o artigo 162, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 162. *Actos de comunicación por medios electrónicos, informáticos e similares.*

1. Cando as oficinas xudiciais e as partes ou os destinatarios dos actos de comunicación estean obrigados a envalos e recibilos por medios electrónicos, telemáticos, infotelecomunicacións ou doutra clase semellante, que permitan o envío e a recepción de escritos e documentos, de forma tal que estea garantida a autenticidade da comunicación e do seu contido, e quede constancia fidedigna da remisión e recepción íntegras e do momento en que se fixeron, ou cando os destinatarios opten por estes medios, os actos de comunicación serán efectuados por aqueles, co xustificante acreditativo da súa recepción que proceda.

Os profesionais e os destinatarios obrigados a utilizar estes medios, así como os que opten por eles, deberán comunicar ás oficinas xudiciais o feito de dispor dos medios antes indicados e o enderezo electrónico habilitado para tal efecto.

Así mesmo, constituirase no Ministerio de Xustiza un rexistro accesible electronicamente dos medios indicados e dos enderezos correspondentes aos organismos públicos e profesionais obrigados á súa utilización.

2. En calquera dos supostos a que se refire este artigo cando, constando a correcta remisión do acto de comunicación polos ditos medios técnicos, salvo os practicados a través dos servizos de notificacións organizados polos colexios de procuradores, transcorran tres días sen que o destinatario acceda ao seu contido,

entenderase que a comunicación foi efectuada legalmente e producirá plenamente os seus efectos.

Exceptuaranse aqueles supostos en que o destinatario xustifique a falta de acceso ao sistema de notificacións durante ese período. Se a falta de acceso se debe a causas técnicas e estas persisten no momento de poñelas en coñecemento, o acto de comunicación practicarase mediante entrega de copia da resolución. En calquera caso, a notificación entenderase validamente recibida no momento en que conste a posibilidade de acceso ao sistema. Non obstante, caso de se producir o acceso despois de transcorrido o dito prazo pero antes de efectuada a comunicación mediante entrega, entenderase validamente realizada a comunicación na data que conste no xustificante acreditativo da súa recepción.

Non se practicarán actos de comunicación aos profesionais por vía electrónica durante os días do mes de agosto, salvo que sexan hábiles para as actuacións que corresponda.

3. Cando a autenticidade de resolucións, documentos, ditames ou informes presentados ou transmitidos polos medios a que se refire o número anterior só poida ser recoñecida ou verificada mediante o seu exame directo ou por outros procedementos, poderán, non obstante, ser presentados en soporte electrónico mediante imaxes dixitalizadas, na forma prevista nos artigos 267 e 268 desta lei, ben que, en caso de que algunha das partes, o tribunal nos procesos de familia, incapacidade ou filiación, ou o Ministerio Fiscal así o soliciten, deberanse achegar aqueles no seu soporte papel orixinal, no prazo ou momento procesual que para tal efecto se sinala.»

Vinte e tres. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 164, que queda redactado do seguinte modo:

«Cando, practicadas, se é o caso, as indagacións a que se refire o artigo 156, non se poida coñecer o domicilio do destinatario da comunicación, ou cando este non poida ser encontrado nin se poida efectuar a comunicación con todos os seus efectos, conforme o establecido nos artigos anteriores, ou cando así se acorde no caso a que se refire o número 2 do artigo 157, o secretario xudicial, consignadas estas circunstancias, mandará que se faga a comunicación fixando a copia da resolución ou a cédula no taboleiro de anuncios da oficina xudicial de conformidade coa Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza, salvagardando, en todo caso, os dereitos e intereses de menores, así como outros dereitos e liberdades que se poidan ver afectados pola súa publicidade. Tal publicidade poderá ser substituída, nos termos que regulamentariamente se determinen, pola utilización doutros medios telemáticos, informáticos ou electrónicos.»

Vinte e catro. Modifícase o artigo 165, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 165. *Actos de comunicación mediante auxilio xudicial.*

Cando os actos de comunicación os teña que practicar un tribunal distinto do que os ordenou, o despacho remitirase por medio do sistema informático xudicial, salvo os supostos en que se deba realizar en soporte papel por ir o acto acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico, e acompañarase a copia ou a cédula correspondente e o demais que en cada caso proceda.

Estes actos de comunicación practicaranse nun prazo non superior a vinte días, contados a partir da súa recepción, e deberán ser devoltos conforme o disposto no parágrafo anterior. Cando non se realicen no tempo indicado, para cuxo efecto se requirirá o secretario xudicial para a súa observancia, deberanse expresar, se for o caso, as causas da dilación.

Estes actos poderán ser realizados, por instancia de parte, por procurador, que se encargará do seu cumprimento nos mesmos termos e prazos establecidos no parágrafo anterior.»

Vinte e cinco. Modifícase o número 1 do artigo 167, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Os mandamentos e oficios seranlle remitidos directamente polo secretario xudicial que os expida á autoridade ou funcionario a que vaian dirixidos, para o que deberán utilizarse os medios previstos no artigo 162.

Non obstante, se así o solicitan, as partes poderán dilixenciar persoalmente os mandamentos e oficios.»

Vinte e seis. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 172, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. Os exhortos remitiranse directamente ao órgano exhortado por medio do sistema informático xudicial ou por calquera outro medio telemático ou electrónico, salvo os supostos en que se deba realizar en soporte papel por ir o acto acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico.

En todo caso, o sistema utilizado deberá garantir a constancia da remisión e recepción do exhorto.

2. Sen prexuízo do anterior, se a parte a que interese o cumprimento do exhorto así o solicita, entregarásele este baixo a súa responsabilidade, para que o presente no órgano exhortado dentro dos cinco días seguintes. Neste caso, o exhorto expresará a persoa que queda encargada da súa xestión, que só poderá ser o propio litigante ou o procurador que se designe.

3. As demais partes poderán tamén designar procurador cando desexen que as resolucións que se diten para o cumprimento do exhorto lles sexan notificadas. O mesmo poderá facer a parte interesada no cumprimento do exhorto, cando non solicitase que se lle entregue este para os efectos previstos no número anterior. Tales designacións faranse constar na documentación do exhorto.»

Vinte e sete. Modifícase o artigo 175, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 175. *Devolución do exhorto.*

1. Cumprido o exhorto, comunicárasele ao exhortante conforme o previsto no número 1 do artigo 172.

2. As actuacións de auxilio xudicial practicadas, se non se poden enviar telematicamente, remitiranse por correo certificado ou entregaranse ao litigante ou ao procurador ao cal se lle encomendase a xestión do exhorto, que as presentará no órgano exhortante dentro dos dez días seguintes.»

Vinte e oito. Modifícase o número 2 do artigo 243, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Non se incluírán na taxación os dereitos correspondentes a escritos e actuacións que sexan inútiles, superfluas ou non autorizadas pola lei, nin as partidas das minutas que non se expresen detalladamente ou que se refiran a honorarios que non se devindicasen no preito.

Tampouco serán incluídos na taxación de custas os dereitos dos procuradores devindicados pola realización dos actos procesuais de comunicación, cooperación e auxilio á Administración de xustiza, así como das demais actuacións meramente facultativas que puidesen ter sido practicadas, noutro caso, polas oficinas xudiciais.

O secretario xudicial reducirá o importe dos honorarios dos avogados e demais profesionais que non estean suxeitos a tarifa ou arancel cando os reclamados

excedan o límite a que se refire o número 3 do artigo 394 e non se declarase a temeridade do litigante condenado en custas.

Nas taxacións de custas, os honorarios de avogado e dereitos de procurador incluírán o imposto sobre o valor engadido de conformidade co disposto na lei que o regula. Non se computará o importe do dito imposto para os efectos do número 3 do artigo 394.»

Vinte e nove. Modifícase o número 3 do artigo 255, que queda redactado do seguinte modo:

«3. No xuízo verbal, o demandado impugnará a contía ou a clase de xuízo por razón da contía na contestación á demanda, e o tribunal resolverá a cuestión na vista, antes de entrar no fondo do asunto e logo do trámite de audiencia do demandante.»

Trinta. Modifícase o número 2 do artigo 259, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Os documentos e títulos a que se refiren as dilixencias sinaladas no número 1 do artigo 256 poderán ser presentados ante o xulgado para a súa exhibición por medios telemáticos ou electrónicos, caso en que o seu exame se realizará na sede da oficina xudicial, e a parte solicitante poderá obter, cos medios que achegue, copia electrónica deles.

En todo caso, o solicitante poderá acudir asesorado por un experto na materia, que actuará sempre por conta do solicitante.»

Trinta e un. Modifícase o número 1 do artigo 260, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Dentro dos cinco días seguintes a aquel en que reciba a citación, a persoa requirida para a práctica de dilixencias preliminares poderá oporse a elas. En tal caso, daráselle traslado da oposición ao requirente, quen poderá impugnalas por escrito no prazo de cinco días. As partes, nos seus respectivos escritos de oposición e de impugnación desta, poderán solicitar a celebración de vista, para o que se seguirán os trámites previstos para os xuízos verbais. »

Trinta e dous. Modifícase o artigo 264, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 264. *Documentos procesuais.*

Coa demanda ou a contestación deberanse presentar:

1.º O poder notarial conferido ao procurador sempre que este interveña e a representación non se outorgue *apud acta*.

2.º Os documentos que acrediten a representación que o litigante se atribúa.

3.º Os documentos ou ditames que acrediten o valor da cousa litixiosa, para efectos de competencia e procedemento.»

Trinta e tres. Suprímese o número 4 do artigo 265 e modifícase o número 3 do dito precepto, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Non obstante o disposto nos números anteriores, o demandante poderá presentar na audiencia previa ao xuízo, ou na vista do xuízo verbal, os documentos, medios, instrumentos, ditames e informes relativos ao fondo do asunto, cuxo interese ou relevancia só se poña de manifesto a consecuencia de alegacións efectuadas polo demandado na contestación á demanda.»

Trinta e catro. Modifícase o artigo 273, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 273. *Forma de presentación dos escritos e documentos.*

1. Todos os profesionais da xustiza están obrigados ao emprego dos sistemas telemáticos ou electrónicos existentes na Administración de xustiza para a presentación de escritos, iniciadores ou non, e demais documentos, de forma tal

que estea garantida a autenticidade da presentación e quede constancia fidedigna da remisión e da recepción íntegras, así como da data en que estas se fixeron.

2. As persoas que non estean representadas por procurador poderán elixir en todo momento se actúan ante a Administración de xustiza a través de medios electrónicos ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos con ela. O medio elixido poderá ser modificado en calquera momento.

3. En todo caso, estarán obrigados a intervir a través de medios electrónicos coa Administración de xustiza, ao menos, os seguintes suxeitos:

- a) As persoas xurídicas.
- b) As entidades sen personalidade xurídica.
- c) Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coa Administración de xustiza en exercicio da dita actividade profesional.
- d) Os notarios e rexistradores.
- e) Quen represente un interesado que estea obrigado a se relacionar electronicamente coa Administración de xustiza.
- f) Os funcionarios das administracións públicas para os trámites e actuacións que realicen por razón do seu cargo.

4. Os escritos e documentos presentados por vía telemática ou electrónica indicarán o tipo e o número de expediente e o ano a que se refiren, e irán debidamente foliados mediante un índice electrónico que permita a súa debida localización e consulta. A presentación realizarase empregando sinatura electrónica recoñecida e adaptarse ao establecido na Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.

Unicamente dos escritos e documentos que se presenten vía telemática ou electrónica que dean lugar ao primeiro emprazamento, citación ou requirimento do demandado ou executado se deberán achegar en soporte papel, nos tres días seguintes, tantas copias literais como sexan as outras partes.

5. O incumprimento do deber do uso das tecnoloxías previsto neste artigo ou das especificacións técnicas que se establezan comportará que o secretario xudicial conceda un prazo máximo de cinco días para a súa emenda. Se non se emenda neste prazo, os escritos e documentos teranse por non presentados para todos os efectos.

6. Sen prexuízo do establecido neste artigo, presentaranse en soporte papel os escritos e documentos cando expresamente o indique a lei.

De todo escrito e de calquera documento que se achegue ou se presente en soporte papel e nas vistas xuntaranse tantas copias literais como sexan as outras partes.»

Trinta e cinco. Modifícase o artigo 274, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 274. *Traslado pola oficina xudicial das copias ás outras partes interesadas, cando non interveñan procuradores.*

Cando as partes non actúen representadas por procurador, asinarán as copias dos escritos e documentos que presenten, respondendo da súa exactitude, e as ditas copias entregaraas o secretario xudicial á parte ou partes contrarias.

Se a presentación se realiza por medios telemáticos por estar obrigados ou ter optado por isto, sempre que cumpran os presupostos e requisitos exixidos, o traslado das copias ás demais partes realizarao a oficina xudicial polo medio que proceda.»

Trinta e seis. Modifícase o artigo 276, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 276. *Traslado de copias de escritos e documentos cando interveña procurador.*

1. Cando as partes estean representadas por procurador, cada un destes deberá trasladar aos procuradores das restantes partes as copias dos escritos e documentos que presente ao tribunal.

2. O traslado de copias dos escritos e documentos presentados de forma telemática farase por medios telemáticos de forma simultánea á presentación e entenderase efectuado na data e hora que conste no xustificante acreditativo da súa presentación. En caso de que o traslado teña lugar en día e hora inhábil para efectos procesuais conforme a lei, entenderase efectuado o primeiro día e hora hábil seguinte.

3. Nos supostos de presentación en soporte papel de conformidade co número 4 do artigo 135, o procurador deberá trasladar de forma telemática e con carácter previo aos procuradores das restantes partes as copias dos escritos e documentos que vaia presentar ao tribunal.

4. O disposto nos números anteriores deste artigo non será de aplicación cando se trate do traslado da demanda ou de calquera outro escrito que poida orixinar a primeira comparecencia en xuízo. En tales casos, o procurador deberá presentar copias dos ditos escritos e dos documentos que a eles se xunten e o secretario xudicial efectuará o traslado, conforme o disposto nos artigos 273 e 274 desta lei. Se o procurador omite a presentación destas copias, teranse os escritos por non presentados ou os documentos por non achegados, para todos os efectos.»

Trinta e sete. Modifícase o artigo 278, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 278. *Efectos do traslado respecto do curso e cómputo de prazos.*

Cando o acto do que se dese traslado na forma establecida no artigo 276 determine, segundo a lei, a apertura dun prazo para levar a cabo unha actuación procesual, o prazo comezará o seu curso sen intervención do tribunal e deberase computar desde o día seguinte ao da data que se fixese constar nas copias entregadas ou ao da data en que se entenda efectuado o traslado cando se utilicen os medios técnicos a que se refire o artigo 135.»

Trinta e oito. Modifícase o número 2 do artigo 285, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Contra a resolución que admita ou inadmita cada unha das probas só caberá recurso de reposición, que se substanciará e resolverá no acto, e, se se desestima, a parte poderá formular protesta para o efecto de facer valer os seus dereitos na segunda instancia.»

Trinta e nove. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 320, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. Se se impugna a autenticidade dun documento público, para que poida facer proba plena procederase da forma seguinte:

1.º As copias, certificacións ou testemuños fidedignos cotexaranse ou comprobaranse cos orixinais, onde queira que se encontren, ben se presentasen en soporte papel ou electrónico, informático ou dixital.

2.º As pólizas intervidas por corredor de comercio colexiado comprobaranse cos asentos do seu libro rexistro.

2. O cotexo ou comprobación dos documentos públicos cos seus orixinais practicarao o secretario xudicial, que se constituirá para o efecto no arquivo ou local onde estea o orixinal ou matriz, en presenza, se concorren, das partes e dos seus defensores, que serán citados para o efecto.

Se os documentos públicos están en soporte electrónico, o cotexo cos orixinais practicarao o secretario xudicial na oficina xudicial, en presenza, se concorren, das partes e dos seus defensores, que serán citados para o efecto.»

Corenta. Modifícase o artigo 333, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 333. *Extracción de copias de documentos que non sexan textos escritos.*

Cando se trate de debuxos, fotografías, bosquexos, planos, mapas e outros documentos que non incorporen predominantemente textos escritos, se só existe o

orixinal, a parte poderá solicitar que na exhibición se obteña copia, en presenza do secretario xudicial, que dará fe de ser fiel e exacta reprodución do orixinal.

Se estes documentos se presentan de forma electrónica, as copias realizadas por medios electrónicos pola oficina xudicial terán a consideración de copias auténticas.»

Corenta e un. Modifícanse os números 1 e 4 e engádesse un novo número 5 ao artigo 336, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. Os ditames de que dispoñan os litigantes, elaborados por peritos designados por eles, e que estimen necesarios ou convenientes para a defensa dos seus dereitos, deberán presentalos coa demanda ou coa contestación, sen prexuízo do disposto no artigo 337.»

«4. O demandado que non poida presentar ditames escritos coa contestación á demanda deberá xustificar a imposibilidade de pedilos e obtelos dentro do prazo para contestar.

5. Por instancia de parte, o xulgado ou o tribunal poderá acordar que se permita ao demandado examinar por medio de avogado ou perito as cousas e os lugares cuxo estado e circunstancias sexan relevantes para a súa defensa ou para a preparación dos informes periciais que pretenda presentar. Así mesmo, cando se trate de reclamacións por danos persoais, poderá instar o demandante para que permita o seu exame por un facultativo, co fin de preparar un informe pericial.»

Corenta e dous. Modifícase o número 2 do artigo 338, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Os ditames cuxa necesidade ou utilidade veña suscitada pola contestación á demanda ou polo alegado e pretendido na audiencia previa ao xuízo serán achegados polas partes, para o seu traslado ás contrarias, con ao menos cinco días de antelación á celebración do xuízo ou da vista. As partes manifestarán ao tribunal se consideran necesario que concorran ao dito xuízo ou á vista os peritos autores dos ditames, con expresión do que se sinala no número 2 do artigo 337.

O tribunal poderá acordar tamén neste caso a presenza dos peritos no xuízo ou na vista nos termos sinalados no número 2 do artigo anterior.»

Corenta e tres. Modifícanse os tres primeiros números do artigo 339, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. Se calquera das partes é titular do dereito de asistencia xurídica gratuíta, non terá que achegar coa demanda ou a contestación o ditame pericial, senón simplemente anunciálo, para os efectos de que se proceda á designación xudicial de perito, conforme o que se establece na Lei de asistencia xurídica gratuíta.

2. O demandante ou o demandado, aínda que non estean no caso do número anterior, tamén poderán solicitar nos seus respectivos escritos iniciais que se proceda á designación xudicial de perito, se entenden conveniente ou necesario para os seus intereses a emisión de informe pericial. En tal caso, o tribunal procederá á designación. Este ditame será por conta de quen o pedise, sen prexuízo do que se poida acordar en materia de custas.

Salvo que se refira a alegacións ou pretensións non contidas na demanda, non se poderá solicitar, con posterioridade á demanda ou á contestación, informe pericial elaborado por perito designado xudicialmente.

A designación xudicial de perito deberase realizar no prazo de cinco días desde a presentación da contestación á demanda, con independencia de quen solicitase a dita designación. Cando ambas as partes a pedisen inicialmente, o tribunal poderá designar, se aquelas se mostran conformes, un único perito que emita o informe solicitado. En tal caso, o aboamento dos honorarios do perito corresponderá

realízalo a ambos os litigantes por partes iguais, sen prexuízo do que se poida acordar en materia de custas.

3. No xuízo ordinario, se, a consecuencia das alegacións ou pretensións complementarias permitidas na audiencia, as partes solicitan, conforme prevé o número 4 do artigo 427, a designación polo tribunal dun perito que ditamine, este acordarao así, sempre que considere pertinente e útil o ditame.

O mesmo poderá facer o tribunal cando se trate de xuízo verbal e as partes soliciten na vista designación de perito, caso en que se interromperá aquela até que se realice o ditame.»

Corenta e catro. Modifícase o artigo 346, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 346. *Emisión e ratificación do ditame polo perito que o tribunal designe.*

O perito que o tribunal designe emitirá por escrito o seu ditame, que fará chegar por medios electrónicos ao tribunal no prazo que se lle sinalase. O secretario xudicial dará traslado do dito ditame ás partes por se consideran necesario que o perito concorra ao xuízo ou á vista para os efectos de que presente as aclaracións ou explicacións que sexan oportunas. O tribunal poderá acordar, en todo caso, mediante providencia, que considera necesaria a presenza do perito no xuízo ou na vista para comprender e valorar mellor o ditame realizado.»

Corenta e cinco. Modifícase o número 1 do artigo 382, que queda redactado do seguinte modo:

«1. As partes poderán propor como medio de proba a reprodución ante o tribunal de palabras, imaxes e sons captados mediante instrumentos de filmación, gravación e outros semellantes. Ao propor esta proba, a parte deberá xuntar, se for o caso, transcrición escrita das palabras contidas no soporte de que se trate e que resulten relevantes para o caso.»

Corenta e seis. Suprímese o segundo parágrafo de número 1 do artigo 383, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Dos actos que se realicen en aplicación do artigo anterior elaborárase a oportuna acta, onde se consignará canto sexa necesario para a identificación das filmacións, gravacións e reproducións levadas a cabo, así como, se for o caso, as xustificacións e ditames presentados ou as probas practicadas.»

Corenta e sete. Modifícase o número 1 do artigo 415, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Comparecidas as partes, o tribunal declarará aberto o acto e comprobará se subsiste o litixio entre elas.

Se manifestan ter chegado a un acordo ou se mostran dispostas a concluílo de inmediato, poderán desistir do proceso ou solicitar do tribunal que homologue o acordado.

As partes, de común acordo, poderán tamén solicitar a suspensión do proceso, de conformidade co previsto no número 4 do artigo 19, para se someter a mediación.

Neste caso, o tribunal examinará previamente a concorrencia dos requisitos de capacidade xurídica e poder de disposición das partes ou dos seus representantes debidamente acreditados que asistan ao acto.»

Corenta e oito. Modifícase o número 1 do artigo 429, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Se non hai acordo das partes para finalizar o litixio nin existe conformidade sobre os feitos, a audiencia proseguirá para a proposición e admisión da proba.

A proba proporase de forma verbal, sen prexuízo da obrigación das partes de presentar no acto escrito detallado dela, que se poderá completar durante a audiencia. A omisión da presentación do dito escrito non dará lugar á inadmisión da proba, que quedará condicionada a que se presente no prazo dos dous días seguintes.

Cando o tribunal considere que as probas propostas polas partes poidan resultar insuficientes para o esclarecemento dos feitos controvertidos, porao de manifesto ás partes e indicará o feito ou feitos que, ao seu xuízo, se poderían ver afectados pola insuficiencia probatoria. Ao efectuar esta manifestación, o tribunal, cinguíndose aos elementos probatorios cuxa existencia resulte dos autos, poderá sinalar tamén a proba ou probas cuxa práctica considere conveniente.

No caso a que se refire o parágrafo anterior, as partes poderán completar ou modificar as súas proposicións de proba á vista do manifestado polo tribunal.»

Corenta e nove. Modifícase o artigo 437, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 437. *Forma da demanda. Acumulación obxectiva e subxectiva de accións.*

1. O xuízo verbal principiará por demanda, co contido e forma propios do xuízo ordinario, e será tamén de aplicación o disposto para o dito xuízo en materia de preclusión de alegacións e litispendencia.

2. Non obstante, nos xuízos verbais en que non se actúe con avogado e procurador, o demandante poderá formular unha demanda sucinta, onde se consignarán os datos e as circunstancias de identificación do demandante e do demandado, e o domicilio ou os domicilios en que poden ser citados, e fixarase con claridade e precisión o que se pida, concretando os feitos fundamentais en que se basea a petición.

Para tal fin, poderanse cubrir uns impresos normalizados que estarán á súa disposición no órgano xudicial correspondente.

3. Se na demanda se solicita o desafuzamento do predio urbano por falta de pagamento das rendas ou cantidades debidas ao arrendador, ou por expiración legal ou contractual do prazo, o demandante poderá anunciar nela que asume o compromiso de condonar ao arrendatario todo ou parte da débeda e das custas, con expresión da cantidade concreta, condicionándoo ao desaloxo voluntario do predio dentro do prazo que indique o arrendador, que non poderá ser inferior ao prazo de quince días desde que se notifique a demanda. Igualmente, poderase solicitar na demanda que se teña por solicitada a execución do lanzamento na data e hora que fixe o xulgado para os efectos sinalados no número 3 do artigo 549.

4. Non se admitirá nos xuízos verbais a acumulación obxectiva de accións, salvo as excepcións seguintes:

1.^a A acumulación de accións baseadas nuns mesmos feitos, sempre que proceda, en todo caso, o xuízo verbal.

2.^a A acumulación da acción de resarcimento de danos e perdas a outra acción que sexa prexudicial dela.

3.^a A acumulación das accións en reclamación de rendas ou cantidades análogas vencidas e non pagadas, cando se trate de xuízos de desafuzamentos de predio por falta de pagamento ou por expiración legal ou contractual do prazo, con independencia da cantidade que se reclame. Así mesmo, tamén se poderán acumular as accións exercidas contra o fiador ou avalista solidario logo de requirimento de pagamento non satisfeito.

4.^a Nos procedementos de separación, divorcio ou nulidade e nos que teñan por obxecto obter a eficacia civil das resolucións ou decisións eclesiásticas, calquera dos cónxuxes poderá exercer simultaneamente a acción de división da cousa común respecto dos bens que teñan en comunidade ordinaria indivisa. Se hai diversos bens en réxime de comunidade ordinaria indivisa e un dos cónxuxes o solicita, o

tribunal pode consideralos en conxunto para os efectos de formar lotes ou adxudicalos.

5. Poderanse acumular as accións que un teña contra varios suxeitos ou varios contra un sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 72 e no número 1 do artigo 73.»

Cincuenta. Modifícase o artigo 438, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 438. *Admisión da demanda e contestación. Reconvención.*

1. O secretario xudicial, examinada a demanda, admitiraa por decreto ou dará conta dela ao tribunal nos supostos do artigo 404 para que resolva o que proceda. Admitida a demanda, dará traslado dela ao demandado para que a conteste por escrito no prazo de dez días, conforme o disposto para o xuízo ordinario. Se o demandado non comparece no prazo outorgado, será declarado en rebeldía, conforme o artigo 496.

Nos casos en que sexa posible actuar sen avogado nin procurador, indicárase así no decreto de admisión e comunicáraselle ao demandado que están á súa disposición no xulgado uns impresos normalizados que pode empregar para a contestación á demanda.

2. En ningún caso se admitirá reconvención nos xuízos verbais que, segundo a lei, deban finalizar por sentenza sen efectos de cousa xulgada.

Nos demais xuízos verbais admitírase a reconvención sempre que non determine a improcedencia do xuízo verbal e exista conexión entre as pretensións da reconvención e as que sexan obxecto da demanda principal. Admitida a reconvención, rexeráse polas normas previstas no xuízo ordinario, salvo o prazo para a súa contestación, que será de dez días.

3. O demandado poderá opor na contestación á demanda un crédito compensable, para o que será de aplicación o disposto no artigo 408. Se a contía do dito crédito é superior á que determine que se siga o xuízo verbal, o tribunal terá por non feita tal alegación na vista e así llo advertirá ao demandado, para que use do seu dereito ante o tribunal e polos trámites que correspondan.

4. O demandado, no seu escrito de contestación, deberase pronunciar, necesariamente, sobre a pertinencia da celebración da vista. Igualmente, o demandante deberase pronunciar sobre isto no prazo de tres días desde o traslado do escrito de contestación. Se ningunha das partes a solicita e o tribunal non considera procedente a súa celebración, ditará sentenza sen máis trámites.

En todo caso, bastará con que unha das partes o solicite para que o secretario xudicial sinala día e hora para a súa celebración, dentro dos cinco días seguintes. Non obstante, en calquera momento posterior, previo á celebración da vista, calquera das partes poderá apartarse da súa solicitude por considerar que a discrepancia afecta a cuestión ou cuestións meramente xurídicas. Neste caso, darase traslado á outra parte polo prazo de tres días, transcorridos os cales, se non se formularon alegacións ou manifestaron oposición, quedarán os autos conclusos para ditar sentenza se o tribunal así o considera.»

Cincuenta e un. Modifícanse a rúbrica e o número 1 do artigo 440, que quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 440. *Citación para a vista.*

1. Contestada a demanda e, se for o caso, a reconvención ou o crédito compensable, ou transcorridos os prazos correspondentes, o secretario xudicial, cando se deba celebrar a vista, de acordo co expresado no artigo 438, citará as partes para tal fin dentro dos cinco días seguintes. A vista deberá de ter lugar dentro do prazo máximo dun mes.

Na citación fixaranse o día e a hora en que se deba celebrar a vista, e as partes serán informadas da posibilidade de recorrer a unha negociación para intentar solucionar o conflito, incluído o recurso a unha mediación, caso en que estas indicarán na vista a súa decisión ao respecto e as súas razóns.

Na citación farase constar que a vista non se suspenderá por inasistencia do demandado, e advertiráselles aos litigantes que deben concorrer cos medios de proba de que intenten valerse, coa prevención de que se non asisten e se propón e admite a súa declaración, poderán considerarse admitidos os feitos do interrogatorio, conforme o disposto no artigo 304. Así mesmo, o demandante e o demandado serán previstos do disposto no artigo 442, para o caso de que non comparezan á vista.

A citación indicarlles tamén ás partes que, no prazo dos cinco días seguintes á recepción da citación, deben indicar as persoas que, por non poderlas presentar elas mesmas, deben ser citadas polo secretario xudicial á vista para que declaren en calidade de parte, testemuñas ou peritos. Para tal fin, facilitarán todos os datos e circunstancias precisos para levar a cabo a citación. No mesmo prazo de cinco días as partes poderán pedir respostas escritas a cargo de persoas xurídicas ou entidades públicas, polos trámites establecidos no artigo 381.»

Cincuenta e dous. Modifícase o artigo 441, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 441. *Casos especiais na tramitación inicial do xuízo verbal.*

1. Interposta a demanda no caso do ordinal 3.º do número 1 do artigo 250, o secretario xudicial chamará as testemuñas propostas polo demandante e, segundo as súas declaracións, o tribunal ditará auto en que denegará ou outorgará, sen prexuízo de mellor dereito, a posesión solicitada, e levará a cabo as actuacións que repute conducentes a tal efecto. O auto será publicado por edictos, que se inserirán nun lugar visible da sede do tribunal, no boletín oficial da provincia e nun dos xornais de maior circulación nela, por conta do demandante, e nel instaranse os interesados a compareceren e reclamaren mediante contestación á demanda, no prazo de corenta días, se consideran ter mellor dereito que o demandante.

Se ninguén comparece, confirmarase o demandante na posesión; pero, en caso de que se presentaren reclamantes, logo de traslado dos seus escritos ao demandante, o secretario xudicial citarao, con todos os comparecentes, á vista, e en diante levaranse as actuacións do modo que se dispón nos artigos seguintes.

2. Se a demanda pretende que se resolva xudicialmente, con carácter sumario, a suspensión dunha obra nova, o tribunal, antes incluso de que se dea traslado para a contestación á demanda, dirixirá inmediata orde de suspensión ao dono ou encargado da obra, que poderá ofrecer caución para continuala, así como a realización das obras indispensables para conservar o xa edificado. O tribunal poderá dispor que se leve a cabo recoñecemento xudicial, pericial ou conxunto, antes da vista.

A caución poderá prestarse na forma prevista no parágrafo segundo do número 2 do artigo 64.

3. Nos casos do ordinal 7.º do número 1 do artigo 250, tan axiña como se admita a demanda, o tribunal adoptará as medidas solicitadas que, segundo as circunstancias, sexan necesarias para asegurar en todo caso o cumprimento da sentenza que se dite.

4. No caso do ordinal 10.º do número 1 do artigo 250, admitida a demanda, o tribunal ordenará a exhibición dos bens ao seu posuidor, baixo apercibimento de incorrer en desobediencia á autoridade xudicial, e o seu inmediato embargo preventivo, que se asegurará mediante depósito, conforme o previsto nesta lei. Cando, ao abeiro do disposto no ordinal 11.º do número 1 do artigo 250, se exerzan accións baseadas no incumprimento dun contrato de arrendamento financeiro, arrendamento de bens mobles ou contrato de venda a prazos con reserva de dominio, admitida a demanda, o tribunal ordenará o depósito do ben cuxa entrega

se reclame. Non se exixirá caución ao demandante para a adopción destas medidas cautelares, nin se admitirá oposición do demandado a elas. Tampouco se admitirán solicitudes de modificación ou de substitución das medidas por caución.

Ademais do disposto no parágrafo anterior, o secretario xudicial emprazará o demandado por cinco días para que se constituía como parte nas actuacións, por medio de procurador, co obxecto de contestar a demanda por algunha das causas previstas no número 3 do artigo 444. Se o demandado deixa transcorrer o prazo sen contestar a demanda, ou se funda esta en causa non comprendida no número 3 do artigo 444, dítarase, sen máis trámites, sentenza estimatoria das pretensións do demandante.

Cando o demandado conteste a demanda conforme o previsto no parágrafo anterior, o secretario xudicial citará as partes para a vista e, se o demandado non asiste a esta sen concorrer xusta causa, ou asiste, pero non mantén a súa oposición ou funda esta en causa non comprendida no número 3 do artigo 444, dítarase, sen máis trámites, sentenza estimatoria das pretensións do demandante. Nestes casos o demandado, ademais, será sancionado con multa de até a quinta parte do valor da reclamación, cun mínimo de cento oitenta euros.

Contra a sentenza que se dite nos casos de ausencia de oposición a que se refiren os dous parágrafos anteriores non caberá ningún recurso.»

Cincuenta e tres. Modifícase o artigo 442, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 442. *Inasistencia das partes á vista.*

1. Se o demandante non asiste á vista e o demandado non alega interese lexítimo na continuación do proceso para que se dite sentenza sobre o fondo, aquel será tido no acto por desistido da demanda, imporánselle as custas causadas e será condenado a indemnizar o demandado comparecido, se este o solicita e acredita os danos e perdas sufridos.

2. Se non comparece o demandado, procederase á celebración do xuízo.»

Cincuenta e catro. Modifícase o artigo 443, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 443. *Desenvolvemento da vista.*

1. Comparecidas as partes, o tribunal declarará aberto o acto e comprobará se subsiste o litixio entre elas.

Se manifestan ter chegado a un acordo ou se mostran dispostas a concluílo de inmediato, poderán desistir do proceso ou solicitar do tribunal que homologue o acordado. O acordo homologado xudicialmente producirá os efectos atribuídos pola lei á transacción xudicial e poderá levarse a efecto polos trámites previstos para a execución de sentenzas e convenios xudicialmente aprobados. Este acordo poderá impugnarse polas causas e na forma que se prevén para a transacción xudicial.

As partes, de común acordo, poderán tamén solicitar a suspensión do proceso, de conformidade co previsto no número 4 do artigo 19, para someterse a mediación. Neste caso, o tribunal examinará previamente a concorrencia dos requisitos de capacidade xurídica e poder de disposición das partes ou dos seus representantes debidamente acreditados que asistan ao acto.

Cando se suspendese o proceso para acudir a mediación, rematada esta sen acordo, calquera das partes poderá solicitar que se alce a suspensión e se sinale data para a continuación da vista. No caso de terse alcanzado na mediación acordo entre as partes, estas deberán comunicalo ao tribunal para que decrete o arquivamento do procedemento, sen prexuízo de solicitar previamente a súa homologación xudicial.

2. Se as partes non chegasen a un acordo ou non se mostran dispostas a concluílo de inmediato, o tribunal resolverá sobre as circunstancias que poidan

impedir a válida prosecución e termo do proceso mediante sentenza sobre o fondo de acordo cos artigos 416 e seguintes.

3. Se non se suscitaron as cuestións procesuais a que se refiren os números anteriores ou se, unha vez formuladas, o tribunal resolveu a continuación do acto, darase a palabra ás partes para realizar aclaracións e fixar os feitos sobre os que exista contradición. Se non hai conformidade sobre todos eles, proporanse as probas e practícaranse seguidamente as que resulten admitidas.

A proposición de proba das partes poderá completarse conforme o disposto no número 1 do artigo 429.»

Cincuenta e cinco. Modifícase o artigo 446, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 446. *Resolucións sobre a proba e recursos.*

Contra as resolucións do tribunal sobre admisión ou inadmisión de probas só caberá recurso de reposición, que se substanciará e resolverá no acto e, se se desestima, a parte poderá formular protesta para efecto de facer valer os seus dereitos, se for o caso, na segunda instancia.»

Cincuenta e seis. Modifícase o parágrafo 1 do número 1 do artigo 447, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Practicadas as probas, o tribunal poderá conceder ás partes unha quenda de palabra para formular oralmente conclusións. A continuación, darase por concluída a vista e o tribunal ditará sentenza dentro dos dez días seguintes. Exceptúanse os xuízos verbais en que se pida o desafuzamento de predio urbano, en que a sentenza se ditará nos cinco días seguintes, e convocaranse no acto da vista as partes á sede do tribunal para recibiren a notificación se non están representadas por procurador ou non se debe realizar por medios telemáticos, que terá lugar o día máis próximo posible dentro dos cinco seguintes ao da sentenza.»

Cincuenta e sete. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 514, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. Presentada e admitida a demanda de revisión, o secretario xudicial solicitará que se remitan ao tribunal todas as actuacións do preito cuxa sentenza se impugne, e emprazará cantos nel litigaron, ou os seus habentes causa, para que, dentro do prazo de vinte días, contesten a demanda sostendo o que conveña ao seu dereito.

2. Contestada a demanda de revisión ou transcorrido o prazo anterior sen telo feito, o secretario xudicial convocará as partes a unha vista que se substanciará conforme o disposto nos artigos 440 e seguintes.»

Cincuenta e oito. Modifícase o ordinal 1.^a do número 1 do artigo 525, que queda redactado do seguinte modo:

«1.^a As sentenzas ditadas nos procesos sobre paternidade, maternidade, filiación, nulidade de matrimonio, separación e divorcio, capacidade e estado civil, oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores, así como sobre as medidas relativas á restitución ou retorno de menores nos supostos de subtracción internacional e dereitos honoríficos, salvo os pronunciamentos que regulen as obrigacións e relacións patrimoniais relacionadas co que sexa obxecto principal do proceso.»

Cincuenta e nove. Modifícase o artigo 540, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 540. *Executante e executado en casos de sucesión.*

1. A execución poderá despacharse ou continuarse a favor de quen acredite ser sucesor do que figure como executante no título executivo e fronte ao que se acredite que é o sucesor de quen nese título apareza como executado.

2. Para acreditar a sucesión, para os efectos do número anterior, deberanse presentar ao tribunal os documentos fidedignos en que aquela conste. Se o tribunal os considera suficientes para tales efectos por concorrer os requisitos exixidos para a súa validez, procederá, sen máis trámites, a despachar a execución a favor ou fronte a quen resulte ser sucesor en razón dos documentos presentados.

No caso de que se despachase xa execución, notificárase a sucesión ao executado ou executante, segundo proceda, e continuarase a execución a favor ou fronte a quen resulte ser sucesor.

3. Se a sucesión non consta en documentos fidedignos ou o tribunal non os considera suficientes, mandará que o secretario xudicial dea traslado da petición que deduza o executante ou executado cuxa sucesión se producise, a quen conste como executado ou executante no título e a quen se pretenda que é o seu sucesor, e daráselles audiencia polo prazo de 15 días. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo sen que as efectuasen, o tribunal decidirá o que proceda sobre a sucesión para os únicos efectos do despacho ou da prosecución da execución.»

Sesenta. Modifícase o ordinal 3.º do número 3 do artigo 551, que queda redactado do seguinte modo:

«3.º O contido do requirimento de pagamento que se deba facer ao debedor, nos casos en que a lei estableza este requirimento, e se este o efectúan funcionarios do Corpo de Auxilio Xudicial ou o procurador da parte executante, se o solicitou.»

Sesenta e un. O artigo 552 queda redactado do seguinte modo:

«1. Se o tribunal entende que non concorren os presupostos e requisitos legalmente exixidos para o despacho da execución, dítará auto denegando o despacho da execución.

O tribunal examinará de oficio se algunha das cláusulas incluídas nun título executivo dos citados no artigo 557.1 pode ser cualificada como abusiva. Cando aprecie que algunha cláusula pode ser cualificada como tal, dará audiencia por quince días ás partes. Oídas estas, acordará o procedente no prazo de cinco días hábiles, conforme o previsto no artigo 561.1.3.ª

2. O auto que denegue o despacho da execución será directamente apelable, e a apelación substanciarase só co acredor. Tamén poderá o acredor, á súa escolha, intentar recurso de reposición previo ao de apelación.

3. Unha vez firme o auto que denegue o despacho da execución, o acredor só poderá facer valer os seus dereitos no proceso ordinario correspondente, se non obsta a este a cousa xulgada da sentenza ou resolución firme en que se fundase a demanda de execución.»

Sesenta e dous. Modifícase o ordinal 3.º do número 1 do artigo 559, que queda redactado do seguinte modo:

«3.º Nulidade radical do despacho da execución por non conter a sentenza ou o laudo arbitral pronunciamentos de condena, ou por non cumprir o documento presentado, o laudo ou o acordo de mediación os requisitos legais exixidos para comportar execución, ou por infracción, ao despacharse execución, do disposto no artigo 520.»

Sesenta e tres. Modifícase o último parágrafo do artigo 560, que queda redactado do seguinte modo:

«Cando se acorde a celebración de vista, se non comparece a ela o executado, o tribunal terao por desistido da oposición e adoptará as resolucións previstas no artigo 442. Se non comparece o executante, o tribunal resolverá sen oílo sobre a oposición á execución. De compareceren ambas as partes, desenvolverase a vista

conforme o previsto para o xuízo verbal e ditarase, a continuación, a resolución que proceda conforme o disposto no artigo seguinte.»

Sesenta e catro. Modifícase o número 1 do artigo 617, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A terzaría de mellor dereito dirixirase sempre fronte ao acredor executante e substanciarase polas canles do xuízo verbal.»

Sesenta e cinco. Modifícase o número 3 do artigo 641, que queda redactado do seguinte modo:

«3. A realización encomendarase á persoa ou entidade designada na solicitude, sempre que reúna os requisitos legalmente exixidos. Na mesma resolución determinarase as condicións en que se deba efectuar a realización, de conformidade co que as partes acordasen ao respecto. Na falta de acordo, os bens non poderán ser alleados por un prezo inferior ao 50 por cento do taxación. Cando as características dos bens ou a posible diminución do seu valor así o aconsellen, o secretario xudicial encargado da execución, con consentimento do executante, poderá designar como entidade especializada para a poxa o colexio de procuradores onde, conforme o disposto no artigo 626, se encontren depositados os bens mobles que se vaian realizar.

Para tal efecto, determinarase regulamentariamente os requisitos e a forma de organización dos servizos necesarios e garantirase a adecuada publicidade da poxa, dos bens poxados e do seu resultado.

Malia o disposto nos parágrafos anteriores, cando os bens que se vaian realizar sexan inmobles, a determinación da persoa ou entidade a que se vaia a confiar a realización e a das condicións en que esta se deba efectuar será realizada logo de comparecencia a que serán convocadas as partes e os que consten no proceso que poidan estar interesados. O secretario xudicial resolverá por medio de decreto o que considere procedente, á vista das manifestacións dos que asistan á comparecencia, pero non poderá autorizar que o alleamento se realice por prezo inferior ao 70 por cento do valor que se dese ao inmovible conforme o previsto no artigo 666, salvo que conste o acordo das partes e de todos os interesados, asistisen ou non á comparecencia.»

Sesenta e seis. O artigo 648 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 648. *Poxa electrónica.*

A poxa electrónica realizarase con suxeición ás seguintes regras:

1.^a A poxa terá lugar no portal dependente da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado para a celebración electrónica de poxas a cuxo sistema de xestión terán acceso todas as oficinas xudiciais. Todos os intercambios de información que se deban realizar entre as oficinas xudiciais e o portal de poxas se realizarán de maneira telemática. Cada poxa estará dotada cun número de identificación único.

2.^a A poxa abrirase transcorridas, ao menos, vinte e catro horas desde a publicación do anuncio no «Boletín Oficial del Estado», cando fose remitida ao portal de poxas a información necesaria para o seu comezo.

3.^a Unha vez aberta a poxa, soamente se poderán realizar poxas electrónicas con suxeición ás normas desta lei en canto a tipos de poxa, consignacións e demais regras que lle sexan aplicables. En todo caso, o portal de poxas informará durante a súa celebración da existencia e contía das poxas.

4.^a Para poder participar na poxa electrónica, os interesados deberán estar dados de alta como usuarios do sistema e accederán e este mediante mecanismos seguros de identificación e sinatura electrónicos, de acordo co previsto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, de forma que en todo caso exista unha plena identificación dos licitadores. A alta realizarase a través do portal

de poxas mediante mecanismos seguros de identificación e sinatura electrónicos e incluírá, necesariamente, todos os datos identificativos do interesado. Os executantes serán identificados de forma que lles permita comparecer como licitadores nas poxas dimanantes do procedemento de execución por eles iniciado sen necesidade de realizar consignación.

5.^a O executante, o executado ou o terceiro posuidor, se o houber, poderán, baixo a súa responsabilidade e, en todo caso, a través da oficina xudicial ante a que se siga o procedemento, enviar ao portal de poxas toda a información de que dispoñan sobre o ben obxecto de licitación, procedente de informes de taxación ou outra documentación oficial, obtida directamente polos órganos xudiciais ou mediante notario e que, a xuízo daqueles, se poida considerar de interese para os posibles licitadores. Tamén poderá facelo o secretario xudicial pola súa propia iniciativa, se o considera conveniente.

6.^a As poxas enviaranse telematicamente a través de sistemas seguros de comunicacións ao portal de poxas, que devolverá un xustificante técnico, con inclusión dun selo de tempo, do momento exacto da recepción da oferta e da súa contía. O ofertante deberá tamén indicar se consente ou non a reserva a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 652 e se poxa en nome propio ou en nome dun terceiro. Serán admisibles ofertas por importe superior, igual ou inferior á máis alta xa realizada, e entenderase, nos dous últimos supostos, que consenten desde ese momento a reserva de consignación e serán tidas en conta para o suposto de que o licitador que realizase a poxa igual ou máis alta non consigne finalmente o resto do prezo de adquisición. No caso de que existan licitacións polo mesmo importe, preferirase a anterior no tempo. O portal de poxas só publicará a poxa máis alta entre as realizadas até ese momento.»

Sesenta e sete. O artigo 649 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 649. *Desenvolvemento e remate da poxa.*

1. A poxa admitirá ofertas durante un prazo de vinte días naturais desde a súa apertura. A poxa non se pechará até transcorrida unha hora desde a realización da última oferta, sempre que esta sexa superior á mellor realizada até ese momento, aínda que isto comporte a ampliación do prazo inicial de vinte días a que se refire este artigo por un máximo de 24 horas.

No caso de que o secretario xudicial teña coñecemento da declaración de concurso do debedor, suspenderá mediante decreto a execución e procederá a deixar sen efecto a poxa, aínda que esta xa se iniciase. Tal circunstancia comunicárase inmediatamente ao portal de poxas.

2. A suspensión da poxa por un período superior a quince días implicará a devolución das consignacións e retrotraerá a situación ao momento inmediatamente anterior á publicación do anuncio. O reinicio da poxa realizarase mediante unha nova publicación do anuncio como se dunha nova poxa se tratase.

3. Na data do peche da poxa e a continuación deste, o portal de poxas remitirá ao secretario xudicial información certificada da oferta telemática que resultase vencedora, co nome, apelidos e enderezo electrónico do licitador.

No caso de que o mellor licitador non completase o prezo ofrecido, por solicitude do secretario xudicial, o portal de poxas remitiralle información certificada sobre o importe da seguinte poxa por orde decrecente e a identidade do ofertante que a realizou, sempre que este optase pola reserva de oferta a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 652.

4. Rematada a poxa e recibida a información, o secretario xudicial deixará constancia dela e expresará o nome do mellor ofertante e da oferta que formulou.»

Sesenta e oito. O número 1 do artigo 656 queda redactado do seguinte modo:

«1. Cando o obxecto da poxa estea comprendido no ámbito desta sección, o secretario xudicial responsable da execución expedirá mandamento ao rexistrador

a cuxo cargo se encontre o Rexistro de que se trate para que remita ao xulgado certificación en que consten os seguintes aspectos:

- 1.º A titularidade do dominio e demais dereitos reais do ben ou dereito gravado.
- 2.º Os dereitos de calquera natureza que existan sobre o ben rexistrable embargado, en especial, relación completa das cargas inscritas que o graven ou, se for o caso, que está libre de cargas.

En todo caso, a certificación expedirase en formato electrónico e disporá de información con contido estruturado.»

Sesenta e nove. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 660 queda redactado do seguinte modo:

«Para efectos do disposto no presente artigo, calquera titular rexistral dun dereito real, carga ou gravame que recaia sobre un ben poderá facer constar no rexistro un domicilio en territorio nacional en que desexe ser notificado en caso de execución. Esta circunstancia farase constar por nota na marxe da inscrición do dereito real, carga ou gravame de que sexa titular. Tamén se poderá facer constar un enderezo electrónico para efectos de notificacións. De se sinalar un enderezo electrónico, entenderase que se consente este procedemento para recibir notificacións, sen prexuízo de que estas se poidan realizar en forma acumulativa e non alternativa ás persoais. Neste caso, o cómputo dos prazos realizarase a partir do día seguinte da primeira das notificacións positivas que se realizasen conforme as normas procesuais ou a Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza. O establecemento ou cambio de domicilio ou enderezo electrónico poderase comunicar ao rexistro en calquera das formas e cos efectos referidos no número 2 do artigo 683 desta lei.»

Setenta. O artigo 671 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 671. *Poxa sen ningún licitador.*

Se na poxa non hai ningún licitador, o acredor poderá, no prazo dos vinte días seguintes ao do peche da poxa, pedir a adxudicación do ben. Se non se trata da vivenda habitual do debedor, o acredor poderá pedir a adxudicación polo 50 por cento do valor polo que o ben saíse a poxa ou pola cantidade que se lle deba por todos os conceptos. Se se trata da vivenda habitual do debedor, a adxudicación farase por importe igual ao 70 por cento do valor polo que o ben saíse a poxa ou, se a cantidade que se lle deba por todos os conceptos é inferior a esa porcentaxe, polo 60 por cento. Aplicarase, en todo caso, a regra de imputación de pagamentos contida no artigo 654.3.

Cando o acredor, no prazo de vinte días, non faga uso desa facultade, o secretario xudicial, por instancia do executado, procederá ao alzamento do embargo.»

Setenta e un. Modifícase o artigo 715, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 715. *Oposición do debedor.*

Se, dentro do prazo legal, o debedor se opón motivadamente á petición do demandante, sexa en canto ás partidas de danos e perdas, sexa en canto á súa valoración en diñeiro, substanciarase a liquidación de danos e perdas polos trámites establecidos para os xuízos verbais, pero o tribunal que ditou a orde xeral de execución, mediante providencia, por instancia de parte ou de oficio, se o considera necesario, poderá nomear un perito que ditamine sobre a efectiva produción dos

danos e a súa avaliación en diñeiro, tras a presentación do escrito de impugnación da oposición. En tal caso, fixará o prazo para que emita ditame e o entregue no xulgado e a vista oral non se celebrará até pasados dez días contados desde o seguinte ao traslado do ditame ás partes.»

Setenta e dous. Modifícase o artigo 775, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 775. *Modificación das medidas definitivas.*

1. O Ministerio Fiscal, habendo fillos menores ou incapacitados e, en todo caso, os cónxuxes, poderán solicitar do tribunal que acordou as medidas definitivas a modificación das medidas convidas polos cónxuxes ou das adoptadas en defecto de acordo, sempre que varíen substancialmente as circunstancias tidas en conta ao aprobalas ou acordalas.

2. Estas peticións tramitaranse conforme o disposto no artigo 770. Non obstante, se a petición a fan ambos os cónxuxes de común acordo ou un co consentimento do outro e achegan proposta de convenio regulador, rexerá o procedemento establecido no artigo 777.

3. As partes poderán solicitar, na demanda ou na contestación, a modificación provisional das medidas definitivas concedidas nun preito anterior. Esta petición substanciarase conforme o previsto no artigo 773.»

Setenta e tres. Modifícase o número 4 do artigo 794, que queda redactado do seguinte modo:

«4. Se se suscita controversia sobre a inclusión ou exclusión de bens no inventario, o secretario xudicial fará constar na acta as pretensións de cada unha das partes sobre os referidos bens e a súa fundamentación xurídica, e citará os interesados a unha vista, continuando a tramitación conforme o previsto para o xuízo verbal.

A sentenza que se pronuncie sobre a inclusión ou exclusión de bens no inventario deixará a salvo os dereitos de terceiros.»

Setenta e catro. Modifícase o número 4 do artigo 800, que queda redactado do seguinte modo:

«4. Se as contas son impugnadas en tempo hábil, darase traslado do escrito de impugnación ao contadante para que conteste conforme o establecido no artigo 438. As partes, nos seus respectivos escritos de impugnación e contestación a esta, poderán solicitar a celebración de vista, continuando a tramitación conforme o disposto para o xuízo verbal.»

Setenta e cinco. Modifícase o número 2 do artigo 809, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Se se suscita controversia sobre a inclusión ou exclusión dalgún concepto no inventario ou sobre o importe de calquera das partidas, o secretario xudicial fará constar na acta as pretensións de cada unha das partes sobre os referidos bens e a súa fundamentación xurídica, e citará os interesados a unha vista, continuando a tramitación conforme o previsto para o xuízo verbal.

A sentenza resolverá sobre todas as cuestións suscitadas, aprobando o inventario da comunidade matrimonial, e disporá o que sexa procedente sobre a administración e disposición dos bens comúns.»

Setenta e seis. Modifícase o parágrafo primeiro do número 1 e engádese un novo número 4 ao artigo 815, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. Se os documentos achegados coa petición son dos previstos no número 2 do artigo 812 ou constitúen un principio de proba do dereito do petionario, confirmado polo que se expoña naquela, o secretario xudicial requirirá o debedor para que, no

prazo de vinte días, lle pague ao petionario, acreditándoo ante o tribunal, ou compareza ante este e alegue de forma fundada e motivada, en escrito de oposición, as razóns polas que, ao seu entender, non debe, en todo ou en parte, a cantidade reclamada. En caso contrario, dará conta ao xuíz para que resolva o que corresponda sobre a admisión a trámite da petición inicial.»

«4. Se a reclamación da débeda se funda nun contrato entre un empresario ou profesional e un consumidor ou usuario, o secretario xudicial, previamente a efectuar o requirimento, dará conta ao xuíz para que poida apreciar o posible carácter abusivo de calquera cláusula que constitúa o fundamento da petición ou que determinase a cantidade exixible.

O xuíz examinará de oficio se algunha das cláusulas que constitúe o fundamento da petición ou que determinase a cantidade exixible pode ser cualificada como abusiva. Cando aprecie que algunha cláusula pode ser cualificada como tal, dará audiencia por cinco días ás partes. Oídas estas, resolverá o procedente mediante auto dentro dos cinco días seguintes. Para o dito trámite non será preceptiva a intervención de avogado nin de procurador.

De estimar o carácter abusivo dalgunha das cláusulas contractuais, o auto que se dite determinará as consecuencias de tal consideración acordando ben a improcedencia da pretensión ben a continuación do procedemento sen aplicación das consideradas abusivas.

Se o tribunal non estima a existencia de cláusulas abusivas, declarará así e o secretario xudicial procederá a requirir o debedor nos termos previstos no número 1.

O auto que se dite será directamente apelable en todo caso.»

Setenta e sete. Modifícase o número 1 do artigo 816, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Se o debedor non atende o requirimento de pagamento ou non comparece, o secretario xudicial ditará decreto dando por terminado o proceso monitorio e dará traslado ao acredor para que inste o despacho de execución, para o cal basta coa mera solicitude, sen necesidade de que transcorra o prazo de vinte días previsto no artigo 548 desta lei.»

Setenta e oito. Modifícase o número 2 do artigo 818, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Cando a contía da pretensión non exceda a propia do xuízo verbal, o secretario xudicial ditará decreto dando por terminado o proceso monitorio e acordando seguir a tramitación conforme o previsto para este tipo de xuízo, e dará traslado da oposición ao demandante, quen poderá impugnalas por escrito no prazo de dez días. As partes, nos seus respectivos escritos de oposición e de impugnación desta, poderán solicitar a celebración de vista, seguindo os trámites previstos nos artigos 438 e seguintes.

Cando o importe da reclamación exceda a dita cantidade, se o petionario non interpón a demanda correspondente dentro do prazo dun mes desde o traslado do escrito de oposición, o secretario xudicial ditará decreto sobreesendo as actuacións e condenando en custas o acredor. Se presenta a demanda, no decreto que poña fin ao proceso monitorio acordará dar traslado dela ao demandado, conforme o previsto nos artigos 404 e seguintes, salvo que non proceda a súa admisión, caso en que se acordará dar conta ao xuíz para que resolva o que corresponda.»

Setenta e nove. Modifícase o artigo 826, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 826. *Substanciación da oposición cambiaria.*

Presentado polo debedor escrito de oposición, o secretario xudicial dará traslado del ao acredor para que o impugne por escrito no prazo de dez días. As partes, nos

seus respectivos escritos de oposición e de impugnación desta, poderán solicitar a celebración de vista, seguindo os trámites previstos nos artigos 438 e seguintes para o xuízo verbal.

Se non se solicita a vista ou se o tribunal non considera procedente a súa celebración, a oposición resolverase sen máis trámites.

Cando se acorde a celebración de vista, se non comparece o debedor, o tribunal terao por desistido da oposición e adoptará as resolucións previstas no artigo anterior. Se non comparece o acredor, o tribunal resolverá sen oílo sobre a oposición.»

Disposición adicional primeira. *Utilización de medios telemáticos.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2016, todos os profesionais da xustiza e órganos e oficinas xudiciais e fiscais, que aínda non o fixesen, estarán obrigados ao emprego dos sistemas telemáticos existentes na Administración de xustiza para a presentación de escritos e documentos e a realización de actos de comunicación procesual, respecto dos procedementos que se inicien a partir desta data, nos termos dos artigos 6.3 e 8 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.

Para garantir a efectividade desta disposición, as administracións con competencia en materia de administración de xustiza deberán dotar, con anterioridade á dita data, as oficinas xudiciais e fiscais con funcións de rexistro dos medios electrónicos adecuados nos termos establecidos no artigo 30 da Lei 18/2011.

2. As aplicacións e sistemas tecnolóxicos que as administracións competentes destinen ao servizo dos órganos e oficinas xudiciais e fiscais disporán dos instrumentos e medios indispensables para recoñecer, ordenar, tratar, estruturar e identificar os escritos, documentos e, en xeral, todas as comunicacións presentadas polos profesionais da xustiza e cidadáns, de conformidade coas especificacións técnicas que o Comité Técnico Estatal da Administración de Xustiza Electrónica, logo de audiencia das administracións competentes no ámbito da Administración de xustiza e logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, determine en razón da evolución tecnolóxica.

3. Os colexios de procuradores habilitarán os medios necesarios e colaborarán coa Administración de xustiza para garantir a recepción por medios telemáticos das notificacións e demais actos de comunicación e o traslado de copias de escritos e documentos por todos os seus profesionais en calquera parte do territorio nacional, independentemente do colexio de procuradores de adscrición a que pertencen.

Para estes efectos, o consello xeral ou o superior correspondente porá á disposición das oficinas xudiciais e das administracións con competencia en materia de Administración de xustiza os protocolos e sistemas de interconexión que permitan o acceso necesario por medios electrónicos ao rexistro de profesionais colexiados exercentes previsto no artigo 10 da Lei 10/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, garantindo que nel consten os seus datos profesionais, tales como número de colexiado, domicilio profesional, número de teléfono, de fax, enderezo de correo electrónico e calquera outro que permita a identificación de forma unívoca do colexiado.

Nestes casos, os órganos xudiciais enviarán os actos de comunicación a través do colexio profesional radicado no ámbito territorial en que se encontre o órgano ou oficina notificante.

Disposición adicional segunda. *Traslados de copias de escritos e documentos entre procuradores.*

A obrigaçión de realizar o traslado de copias de escritos e documentos cando interveñan procuradores será igualmente exixible, nos termos previstos nos artigos 276 e seguintes da Lei de axuízamento civil, nas ordes xurisdicionais penal, contencioso-administrativa e laboral.

Disposición transitoria primeira. *Xuízos verbais e outros procesos.*

Os procesos de xuízo verbal e os demais que resulten afectados e que estivesen en trámite no momento da entrada en vigor da presente lei continuarán substanciando, até que se dite resolución definitiva, conforme a lexislación procesual anterior.

Disposición transitoria segunda. *Procesos monitorios e execución de laudos arbitrais.*

1. As modificacións do artigo 815 e do número 1 do 552, último parágrafo, serán de aplicación aos procesos monitorios e de execución que se inicien tras a entrada en vigor desta lei.

2. Os procedementos monitorios que se encontren en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei serán suspendidos polo secretario xudicial cando a petición inicial se fundamente nun contrato entre un empresario ou profesional e un consumidor ou usuario. Neste caso, dará inmediatamente conta ao xuíz, quen, se aprecia que algunha das cláusulas que constitúe o fundamento da petición ou que determinase a cantidade exixible pode ser cualificada como abusiva, dará audiencia por cinco días ás partes e resolverá o procedente mediante auto dentro dos cinco días seguintes. Se o xuíz non estima a existencia de cláusulas abusivas, declarará así e o secretario xudicial procederá a alzar a suspensión acordada e a ordenar a continuación do procedemento.

3. Se se trata de execucións de laudos arbitrais que se fundamenten nun contrato entre un empresario ou profesional e un consumidor ou usuario, que non estivesen arquivadas definitivamente, seguirase o procedemento descrito no número anterior a fin de apreciar se algunha das súas cláusulas pode ser cualificada de abusiva.

Disposición transitoria terceira. *Novas funcións atribuídas aos procuradores.*

Os actos procesuais de comunicación e a realización de tarefas de auxilio e colaboración dos procesos que estean en trámite no momento da entrada en vigor desta lei continuaraos realizando a oficina xudicial salvo que a parte expresamente solicite que sexan realizados polo seu procurador.

Disposición transitoria cuarta. *Presentación de escritos e documentos e realización de actos de comunicación por medios telemáticos.*

1. Transitoriamente, até o 1 de xaneiro de 2018, en relación cos actos de comunicación ao Ministerio Fiscal, o prazo que se establece no artigo 151.2 será de dez días naturais.

2. Transitoriamente, até o 1 de xaneiro de 2016, os procuradores e demais profesionais de xustiza que non poidan presentar e recibir escritos e documentos e actos de comunicación na forma descrita na disposición adicional primeira poderán seguir facéndoo na sede do tribunal ou no servizo común de recepción organizado polo colexio de procuradores. O colexio de procuradores radicado no ámbito territorial en que se encontre o órgano ou oficina notificante asume a obrigaón de remitir as comunicacións, notificacións e, se for o caso, documentación que as acompañe ao procurador que estea colexiado fóra do dito ámbito territorial. Cando se trate de expedientes administrativos ou autos procesuais, o secretario xudicial poderá acordar, en atención ás súas características ou por concorrer causa xustificada, que sexan consultados na sede do tribunal ou directamente retirados desta polas partes.

3. Por outra parte, até o 1 de xaneiro de 2017, os interesados que non sexan profesionais da xustiza e non estean representados por procurador non poderán optar nin ser obrigados á presentación ou recepción de escritos e documentos ou actos de comunicación por medios telemáticos nos termos do artigo 273. Transitoriamente e até esa data seguiranse facendo os ditos actos polos outros medios regulados na lei.

4. Até esa mesma data en que se poña en funcionamento o arquivo de apoderamentos *apud acta*, a acreditación do poder de representación efectuarase por medio do poder notarial ou do apoderamento *apud acta*.

Disposición transitoria quinta. *Réxime de prescripción aplicable ás relacións xa existentes.*

O tempo de prescripción das accións persoais que non teñan sinalado termo especial de prescripción, nadas antes da data de entrada en vigor desta lei, rexeráse polo disposto no artigo 1939 do Código civil.

Disposición transitoria sexta. *Solicitudes de xustiza gratuíta en tramitación.*

As solicitudes de xustiza gratuíta presentadas con anterioridade á entrada en vigor da presente lei seguirán tramitándose e resolveranse consonte a normativa anterior.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Código civil en materia de prescripción.*

Modifícase o artigo 1964 do Código civil, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1964.

1. A acción hipotecaria prescribe aos vinte anos.
2. As accións persoais que non teñan prazo especial prescriben aos cinco anos desde que se poida exixir o cumprimento da obrigaón. Nas obrigaóns continuadas de facer ou non facer, o prazo comezará cada vez que se incumpran.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre a propiedade horizontal.*

Modifícase o número 2 do artigo 13 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre a propiedade horizontal, que queda redactado do seguinte modo:

«2. O presidente será nomeado, entre os propietarios, mediante elección ou, subsidiariamente, mediante quenda rotatoria ou sorteo. O nomeamento será obrigatorio, ben que o propietario designado poderá solicitar a súa substitución ao xuíz dentro do mes seguinte ao seu acceso ao cargo, invocando as razóns que o asistan para isto. O xuíz, a través do procedemento establecido no artigo 17.7.^a, resolverá de plano o procedente, designando na mesma resolución o propietario que tivese que substituír, se for o caso, o presidente no cargo até que se proceda a nova designación no prazo que se determine na resolución xudicial.

Igualmente poderá acudir ao xuíz cando, por calquera causa, sexa imposible para a xunta designar presidente da comunidade.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.*

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 1, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Obxecto da lei.*

Esta lei ten por obxecto determinar o contido e o alcance do dereito á asistencia xurídica gratuíta a que se refire o artigo 119 da Constitución e regular o procedemento para o seu recoñecemento e efectividade.

As disposicións desta lei serán de aplicación xeral en todo tipo de procesos xudiciais, incluídos os recursos de amparo constitucional, a vía administrativa previa

cando así se estableza na lexislación específica, así como o asesoramento previo ao proceso recollido no número 1 do artigo 6.»

Dous. Modifícase a letra g) e engádesse unha letra i) ao artigo 2, que quedan redactadas do seguinte modo:

«g) Con independencia da existencia de recursos para litigar, recoñécese o dereito de asistencia xurídica gratuita, que se lles prestará de inmediato ás vítimas de violencia de xénero, de terrorismo e de tráfico de seres humanos naqueles procesos que teñan vinculación, deriven ou sexan consecuencia da súa condición de vítimas, así como aos menores de idade e ás persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental cando sexan vítimas de situacións de abuso ou maltrato.

Este dereito asistirá tamén aos habentes causa en caso de falecemento da vítima, sempre que non fosen partícipes nos feitos.

Para os efectos da concesión do beneficio de xustiza gratuita, a condición de vítima adquirírase cando se formule denuncia ou querela, ou se inicie un procedemento penal, por algún dos delitos a que se refire esta letra, e manterase mentres permaneza en vigor o procedemento penal ou cando, tras a súa finalización, se ditase sentenza condenatoria. O beneficio de xustiza gratuita perderase tras a firmeza da sentenza absoluta, ou do sobresemento definitivo ou provisional por non resultaren acreditados os feitos delituosos, sen a obrigaçión de aboar o custo das prestacións desfrutadas gratuitamente até ese momento.

Nos distintos procesos que se poidan iniciar como consecuencia da condición de vítima dos delitos a que se refire esta letra e, en especial, nos de violencia de xénero, deberá ser o mesmo avogado o que asista aquela, sempre que con isto se garanta debidamente o seu dereito de defensa.»

«i) Con independencia da existencia de recursos para litigar, recoñécese o dereito de asistencia xurídica gratuita ás asociacións que teñan como fin a promoción e defensa dos dereitos das vítimas do terrorismo, sinaladas na Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.»

Tres. Modifícanse a letra c) do número 1 e os números 2 e 3 do artigo 3, que quedan redactados do seguinte modo:

«c) O triplo do dito indicador cando se trate de unidades familiares integradas por catro ou máis membros ou que teñan recoñecida a súa condición de familia numerosa de acordo coa normativa vixente.»

«2. Para a determinación do concepto de unidade familiar nas súas diversas modalidades observarase o establecido na Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e equiparanse aos cónxuxes non separados legalmente as parellas de feito constituídas de conformidade cos requisitos que lles sexan exixibles.

3. Os medios económicos serán valorados individualmente cando o solicitante acredite a existencia de intereses familiares contrapostos no litixio para o que se solicita a asistencia.»

Catro. Modifícanse os números 1, 2 e 10 do artigo 6, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. Asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso a aqueles que pretendan reclamar a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses, así como información sobre a posibilidade de recorrer á mediación ou outros medios extraxudiciais de solución de conflitos, nos casos non prohibidos expresamente pola lei, cando teñan por obxecto evitar o conflito procesual ou analizar a viabilidade da pretensión.

Cando se trate de vítimas de violencia de xénero, de terrorismo e de tráfico de seres humanos, así como de menores de idade e de persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, nos termos establecidos na letra g) do artigo 2, a asistencia xurídica gratuíta comprenderá asesoramento e orientación gratuítos no momento inmediatamente previo á interposición de denuncia ou querela.

2. Asistencia de avogado ao detido, preso ou imputado que non o designase, para calquera dilixencia policial que non sexa consecuencia dun procedemento penal en curso ou na súa primeira comparecencia ante un órgano xurisdiccional, ou cando esta se leve a cabo por medio de auxilio xudicial e o detido, preso ou imputado non designase avogado no lugar onde se preste. Igualmente será de aplicación a dita asistencia letrada á persoa reclamada e detida como consecuencia dunha orde de detención europea que non designase avogado.

Non será necesario que o detido, preso ou imputado acredite previamente carecer de recursos, sen prexuízo de que, se non se lle recoñece con posterioridade o dereito á asistencia xurídica gratuíta, deba aboar ao avogado os honorarios devindicados pola súa intervención.»

«10. Os dereitos arancelarios a que se refiren os números 8 e 9 non se percibirán cando o interesado acredite ingresos por debaixo do indicador público de renda de efectos múltiples.»

Cinco. Modifícase o número 3 do artigo 7, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Cando a competencia para o coñecemento dos recursos a que se refire o número anterior corresponda a un órgano xudicial cuxa sede se encontre en distinta localidade, o secretario xudicial, unha vez recibidos os autos xudiciais, requirirá aos respectivos colexios a designación de avogado e, se for o caso, procurador de oficio exercentes na dita sede xurisdiccional.»

Seis. Modifícase o parágrafo primeiro e engádese un parágrafo segundo ao artigo 8, que quedan redactados do seguinte modo:

«Non se recoñecerá o dereito á asistencia xurídica gratuíta nin a prestacións distintas das solicitadas ao demandante unha vez presentada a demanda, ou ao demandado unha vez formulada a súa contestación, salvo que na súa solicitude acrediten ante a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta que as circunstancias e condicións necesarias para obter aquel sobreviñeron con posterioridade á demanda ou contestación, respectivamente. O recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta por circunstancias sobrevidas non terá carácter retroactivo.

Non procederá a solicitude do dereito cando o proceso xa finalizase mediante resolución firme, salvo que se refira á súa execución.»

Sete. Modifícase o artigo 10, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 10. *Composición das comisións de asistencia xurídica gratuíta.*

1. A Comisión Central de Asistencia Xurídica Gratuíta estará composta polos decanos do colexio de avogados e do colexio de procuradores de Madrid, ou o avogado ou procurador que eles designen, un avogado do Estado e un funcionario do Ministerio de Xustiza pertencente a corpos ou escalas do subgrupo A1. A Comisión será presidida semestralmente por cada un dos seus membros, a excepción do funcionario do Ministerio de Xustiza, quen actuará como secretario.

2. As comisións de asistencia xurídica gratuíta dependentes das comunidades autónomas estarán integradas polo decano do colexio de avogados e o do colexio de procuradores, ou o avogado ou o procurador que eles designen, e por dous membros que designen as administracións públicas de que dependen. O órgano competente da comunidade autónoma determinará cales dos seus integrantes desempeñarán a presidencia e a secretaría.

3. Nas comisións de asistencia xurídica gratuíta dependentes da Administración xeral do Estado, os membros que corresponden á Administración pública serán un avogado do Estado e un funcionario, que actuará como secretario, pertencente a corpos ou escalas do subgrupo A1, con destino na xerencia territorial do Ministerio de Xustiza correspondente ou, na súa falta, un funcionario dos citados corpos ou escalas que preste os seus servizos na delegación ou subdelegación do Goberno do territorio de que se trate.

Nas provincias onde exista máis dun colexio de avogados ou de procuradores, o representante destas corporacións na comisión designarano de común acordo os decanos daqueles.

Cando o volume de asuntos ou outras circunstancias xustificadas o aconsellen, poderanse crear delegacións da Comisión Provincial de Asistencia Xurídica Gratuíta, coa composición e ámbito de actuación que regulamentariamente se determinen e garantindo, en todo caso, a homoxeneidade de criterios para recoñecer o dereito á asistencia xurídica gratuíta.»

Oito. Modifícanse os números 2 e 5 e engádese un novo número 6 ao artigo 12, que quedan redactados do seguinte modo:

«2. O recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, que poderá comprender todas ou algunhas das prestacións previstas no artigo 6, instarano os solicitantes ante o colexio de avogados do lugar en que se encontre o xulgado ou tribunal que deba coñecer do proceso principal para o que aquel se solicita, ou ante o xulgado do seu domicilio. Neste último caso, o órgano xudicial dará traslado da petición ao colexio de avogados territorialmente competente.

A solicitude poderase presentar por calquera medio, incluíndo os previstos na normativa de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.»

«5. Se se acredita que os ingresos e haberes patrimoniais dalgún dos solicitantes que deban litigar baixo unha soa defensa ou representación superan os limiares previstos no número 1 do artigo 3 pero non alcanzan o quíntuplo do indicador público de renda de efectos múltiples, a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta poderá determinar cales das prestacións establecidas no artigo 6 se outorgarán aos solicitantes.

6. Cando o custo das prestacións recoñecidas o teñan que sufragar varios litigantes, a achega do sistema de asistencia xurídica gratuíta limitarase á parte proporcional que corresponda ás partes ás cales se lles recoñece o dereito.»

Nove. Modifícase o artigo 13, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 13. *Requisitos da solicitude.*

Na solicitude indicaranse, de forma expresa, as prestacións para as que se solicita o recoñecemento do dereito, que poderán ser todas ou algunhas das previstas no artigo 6, e faranse constar, presentando os documentos que regulamentariamente se determinen para a súa acreditación, os datos que permitan apreciar a situación económica e patrimonial do interesado e dos integrantes da súa unidade familiar, as súas circunstancias persoais e familiares, a pretensión que se quere facer valer e a parte ou partes contrarias no litixio, se as houber.

Na presentación da solicitude o solicitante será informado da facultade atribuída á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta para a consulta dos datos a que se refire o artigo 17, tanto do solicitante como, se for o caso, do seu cónxuxe ou parella de feito. Todos os afectados deberán prestar o consentimento na solicitude.

Cando o solicitante do dereito non estea casado ou o seu matrimonio fose disolto ou estea separado legalmente deberá confirmar, mediante declaración xurada, que carece de parella de feito.»

Dez. Modifícase o artigo 16, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 16. *Suspensión do curso do proceso.*

1. A solicitude de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta non suspenderá o curso do proceso ou expediente administrativo.

Non obstante, a fin de evitar que o transcurso dos prazos poida provocar a preclusión dun trámite ou a indefensión de calquera das partes, o secretario xudicial ou o órgano administrativo, de oficio ou por petición destas, poderá decretar a suspensión até que se produza a decisión sobre o recoñecemento ou a denegación do dereito a litigar gratuitamente, ou a designación provisional de avogado e procurador se a súa intervención é preceptiva ou requirida en interese da xustiza, sempre que a solicitude do dereito se formulase nos prazos establecidos nas leis procesuais ou administrativas. Esta suspensión afectará tamén o prazo de emenda a que se refire o número 2 do artigo 8 da Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

2. Cando a presentación da solicitude do recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta se realice antes de iniciar o proceso e a acción poida resultar prexudicada polo transcurso dos prazos de prescrición ou caducidade, estas quedarán interrompidas ou suspendidas, respectivamente, até a designación provisional de avogado e, de ser preceptivo, procurador da quenda de oficio que exerzan a acción en nome do solicitante, e, se non é posible realizar eses nomeamentos, até que se dite resolución definitiva en vía administrativa en que se recoñeza ou denegue o dereito.

O cómputo do prazo de prescrición restablecerase desde a notificación ao solicitante da designación provisional de avogado polo colexio de avogados ou, se for o caso, desde a notificación do recoñecemento ou denegación do dereito pola Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta e, en todo caso, no prazo de dous meses desde a presentación da solicitude.

No suposto de que esta petición fose denegada, sexa claramente abusiva e unicamente estea preordenada a dilatar os prazos, o órgano xudicial que coñeza da causa poderá computar os prazos nos estritos termos legalmente previstos, con todas as consecuencias que disto deriven.»

Once. Modifícase o artigo 17, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 17. *Comprobación de datos, resolución e notificación.*

1. Para verificar a exactitude e a realidade dos datos económicos e, en especial, da información relativa ás rendas e ao patrimonio declarados polo solicitante do dereito á asistencia xurídica gratuíta, incluíndo, se for o caso, os do seu cónxuxe ou parella de feito, a Comisión realizará as comprobacións e obterá telematicamente toda a información que considere necesaria. Esta información poderase solicitar, en particular, da Administración tributaria correspondente, do catastro, da Seguridade Social, así como dos rexistros da propiedade e mercantís ou de calquera outro rexistro que teña información relacionada cos indicios a que se refire o artigo 3, e deberá ser remitida por medios telemáticos. A Administración tributaria e a Seguridade Social facilitarán a información necesaria no marco do establecido na súa normativa específica.

Tamén poderá a Comisión oír a parte ou partes contrarias no preito ou contra as que se pretenda exercer a acción cando sexan coñecidas e se estime que poden achegar datos para coñecer a real situación económica do solicitante.

2. A Comisión, unha vez efectuadas as comprobacións anteriores, ditará resolución, no prazo máximo de trinta días, contados a partir da recepción do expediente pola Comisión, recoñecendo ou denegando o dereito á asistencia xurídica

gratuíta e determinando cales das prestacións son de aplicación á solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que a Comisión resolverse expresamente a solicitude, quedarán ratificadas as decisións que previamente puidesen adoptar os colexios de avogados ou de procuradores, sen prexuízo da obrigaón de resolver do dito órgano, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución notificárase no prazo común de tres días ao solicitante, ao colexio de avogados e, se for o caso, ao colexio de procuradores, así como ás partes interesadas, e comunicárase ao órgano administrativo ou ao xulgado ou tribunal que estea coñecendo do proceso ou, se este non se iniciou, ao xuíz decano da localidade.

As comunicacións e notificacións previstas neste artigo efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e en todo caso cando aquelas teñan lugar entre administracións públicas, órganos xudiciais, profesionais da xustiza, colexios profesionais e a Comisión.

Se o colexio de avogados non ditou ningunha resolución, o silencio da Comisión será positivo. Por petición do interesado, o órgano administrativo, se for o caso, ou o xuíz ou tribunal que coñeza do proceso ou, se a solicitude se realiza con anterioridade á iniciación deste, o xuíz decano competente procederá a declarar o dereito e a requirir aos colexios profesionais a designación provisional de avogado e procurador, se é o caso. Isto sen prexuízo do que resulte das eventuais impugnacións contra tal estimación presunta.»

Doce. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 18, que queda redactado do seguinte modo:

«O recoñecemento do dereito adecuarase ás prestacións solicitadas. Implicará a confirmación das designacións de avogado e de procurador, se for o caso, efectuadas provisionalmente polos colexios profesionais. »

Trece. Modifícase o artigo 19, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 19. *Revogación do dereito.*

1. A declaración errónea, o falseamento ou a ocultación de datos polos solicitantes de asistencia xurídica gratuíta, que fosen determinantes para o recoñecemento do dereito, darán lugar, en todo caso, logo de audiencia do interesado, á súa revogación por parte da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta, mediante resolución motivada, que, para estes fins, terá potestades de revisión de oficio.

A revogación recollida no parágrafo anterior comportará a obrigaón do pagamento de todos os honorarios ou dereitos devindicados polos profesionais intervinientes desde a concesión do dereito, así como da cantidade equivalente ao custo das demais prestacións obtidas en razón da dita concesión, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que, se for o caso, correspondan.

2. Se o órgano xudicial que coñece da pretensión exercida polo beneficiario da asistencia xurídica gratuíta aprecia abuso de dereito, temeridade, mala fe ou fraude de lei no seu exercicio, na resolución que poña fin ao proceso declarará a súa existencia, revogará o dereito de xustiza gratuíta e condenarao a aboar os gastos e custas procesuais devindicados pola súa instancia, nos termos do número anterior. Esta revogación porase en coñecemento da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta correspondente a fin de que a Administración pública competente obteña o reembolso, se é o caso, pola vía de constrinximento, de cantas prestacións se obtivesen como consecuencia do recoñecemento do seu dereito a litigar gratuitamente.»

Catorce. Modifícase o artigo 20, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 20. *Impugnación da resolución.*

1. Os que sexan titulares dun dereito ou dun interese lexítimo poderán impugnar as resolucións que, de modo definitivo, recoñezan, revoguen ou deneguen o dereito á asistencia xurídica gratuíta.

Tal impugnación, para a que non será preceptiva a intervención de avogado, deberase realizar por escrito e de forma motivada, no prazo de dez días desde a notificación da resolución ou desde que fose coñecida por calquera dos lexitimados para interpola, ante o secretario da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta. Este remitirá o escrito de impugnación, xunto co expediente correspondente á resolución impugnada e unha certificación desta, ao xulgado ou tribunal competente ou ao xuíz decano para a súa repartición, se o procedemento non se iniciou.

2. Recibido o escrito de impugnación e os documentos e certificación a que alude o parágrafo anterior, o secretario xudicial requirirá as partes e o avogado do Estado ou o letrado da comunidade autónoma correspondente cando dela dependa a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta, para que no prazo de cinco días presenten por escrito as alegacións e probas que estimen oportunas.

O xuíz ou tribunal poderá acordar mediante providencia, de oficio ou por instancia de parte, a celebración dunha comparecencia se a impugnación non se pode resolver cos documentos e probas achegados. O secretario xudicial sinalará día e hora para que teña lugar dentro dos dez días seguintes.

3. Recibidas as alegacións ou finalizada a comparecencia, se for o caso, o xuíz ou tribunal resolverá sen máis trámites mediante auto no prazo de cinco días, mantendo ou revogando a resolución impugnada, con imposición dunha sanción pecuniaria de 30 a 300 euros a quen promovese a impugnación de maneira temeraria ou con abuso de dereito.

Contra o auto ditado polo xuíz ou o tribunal non caberá recurso ningún.»

Quince. Modifícase o artigo 21, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 21. *Requirimento de designación de avogado e procurador.*

Se, conforme a lexislación procesual ou administrativa, o órgano xudicial que estea coñecendo do proceso ou o órgano administrativo que tramitou o expediente estima que, polas circunstancias ou a urxencia do caso, é preciso asegurar de forma inmediata os dereitos de defensa e representación das partes, e algunha delas manifesta carecer de recursos económicos sempre que isto sexa exixible para obter o dereito de asistencia xurídica gratuíta, ditará unha resolución motivada requirindo dos colexios profesionais o nomeamento provisional de avogado e procurador, cando as designacións non fosen realizadas con anterioridade.

O secretario xudicial ou o órgano administrativo comunicará a dita resolución polo medio máis rápido posible aos colexios de avogados e de procuradores, e a continuación tramitarase a solicitude segundo o previsto nos artigos precedentes.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 24, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 24. *Distribución por quendas.*

Os colexios profesionais establecerán sistemas de distribución obxectiva e equitativa das distintas quendas e medios para a designación dos profesionais de oficio. Estes sistemas serán públicos para todos os colexiados e poderán ser consultados polos solicitantes de asistencia xurídica gratuíta.

Os colexios de avogados, salvo aqueles en que pola reducida dimensión da actividade non sexa necesario, contarán cunha quenda de garda permanente para a prestación do servizo de asistencia letrada ao detido e outra para a prestación dos servizos de asesoramento previo e de asistencia letrada para as vítimas de violencia de xénero, terrorismo, tráfico de seres humanos e de menores de idade e persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental que sexan vítimas de situacións de abuso ou maltrato.»

Dezasete. Modifícase o artigo 25, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 25. *Formación e especialización.*

O Ministerio de Xustiza, de maneira coordinada coas comunidades autónomas competentes, logo de informe dos consellos xerais da avogacía e dos procuradores

dos tribunais de España, establecerá os requisitos xerais mínimos de formación e especialización necesarios para prestar os servizos de asistencia xurídica gratuíta, con obxecto de asegurar un nivel de calidade e de competencia profesional que garanta o dereito constitucional á defensa. Estes requisitos serán de obrigado cumprimento para todos os colexios profesionais. »

Dezaquito. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 36, que quedan redactados do seguinte modo:

«1. Se na resolución que pon fin ao proceso hai pronunciamento sobre custas a favor de quen obtivo o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta ou de quen o ten legalmente recoñecido, a parte contraria deberá aboar as custas causadas na defensa e representación daquela.

2. Cando na resolución que poña fin ao proceso sexa condenado en custas quen obtivo o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta ou quen o ten legalmente recoñecido, este quedará obrigado a pagar as causadas na súa defensa e as da parte contraria se, dentro dos tres anos seguintes á terminación do proceso, vén a mellor fortuna, e quedará mentres tanto interrompida a prescrición do artigo 1.967 do Código civil. Presúmese que veu a mellor fortuna cando os seus ingresos e recursos económicos por todos os conceptos superen o dobre do módulo previsto no artigo 3, ou se se alteraron substancialmente as circunstancias e condicións tidas en conta para recoñecer o dereito conforme a presente lei. Corresponderalle á Comisión a declaración de se o beneficiario veu a mellor fortuna, conforme o disposto no artigo 19, e a resolución que dite poderá ser impugnada na forma prevista no artigo 20.»

Dezanove. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 37, que queda redactado do seguinte modo:

«As administracións públicas competentes subvencionarán, con cargo ás súas dotacións orzamentarias, a implantación e prestación dos servizos de asistencia xurídica gratuíta polos colexios de avogados e de procuradores.»

Vinte. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 38, que queda redactado do seguinte modo:

«Establecerase regulamentariamente o sistema a través do cal se subvencionará, con cargo ás dotacións orzamentarias das administracións públicas competentes, o custo que xere aos consellos xerais e colexios profesionais de avogados e procuradores o funcionamento operativo dos servizos de asistencia xurídica gratuíta, das unidades encargadas do asesoramento e a orientación previos ao proceso aos cidadáns e da cualificación provisional das pretensións solicitadas.»

Vinte e un. Modifícase o número 1 da disposición adicional primeira, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O capítulo I, os artigos 9, 10.1, 12 e 16 a 21 do capítulo II, os artigos 27 a 29 e 31 a 36 do capítulo IV, o capítulo VII, as disposicións adicionais terceira, cuarta e quinta, a disposición derogatoria e a disposición derradeira primeira bis dítanse ao abeiro das competencias que ao Estado lle atribúe o artigo 149.1.3.^a, 5.^a e 6.^a da Constitución española, sobre relacións internacionais, Administración de xustiza e lexislación procesual, respectivamente.»

Vinte e dous. Introdúcese unha disposición adicional segunda bis, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional segunda bis. *Composición das comisións de asistencia xurídica gratuíta en casos excepcionais.*

Excepcionalmente, cando necesidades do servizo o requiran, o funcionario que actúe como secretario nas comisións de asistencia xurídica gratuíta dependentes da

Administración xeral do Estado poderá ser substituído por un empregado público pertencente ao subgrupo profesional A1 con destino na xerencia territorial do Ministerio de Xustiza correspondente ou, na súa falta, na delegación ou subdelegación do Goberno do territorio de que se trate.»

Vinte e tres. Introdúcese unha disposición derradeira primeira bis, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira primeira bis.

Esta lei contén as normas de incorporación ao dereito español das disposicións da Directiva 2003/8/CE do Consello, do 27 de xaneiro de 2003, destinada a mellorar o acceso á xustiza nos litixios transfronteirizos mediante o establecemento de regras mínimas comúns relativas á xustiza gratuíta para os ditos litixios.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Introdúcese un novo número 3 ao artigo 23 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Poderán, non obstante, comparecer por si mesmos os funcionarios públicos en defensa dos seus dereitos estatutarios, cando se refiran a cuestións de persoal que non impliquen separación de empregados públicos inamovibles.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.*

Modifícase o número 1 do artigo 11 da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O convenio arbitral obriga as partes a cumprir o estipulado e impide aos tribunais coñecer das controversias sometidas a arbitraje, sempre que a parte a quen interese o invoque mediante declinatoria.

O prazo para a proposición da declinatoria será dentro dos dez primeiros días do prazo para contestar a demanda.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.*

Modifícase o número 1 do artigo 20 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, que queda redactado do seguinte modo:

«1. As vítimas de violencia de xénero teñen dereito a recibir asesoramento xurídico gratuíta no momento inmediatamente previo á interposición da denuncia, e á defensa e representación gratuítas por avogado e procurador en todos os procesos e procedementos administrativos que teñan causa directa ou indirecta na violencia padecida. Nestes supostos, unha mesma dirección letrada deberá asumir a defensa da vítima, sempre que con isto se garanta debidamente o seu dereito de defensa. Este dereito asistirá tamén os habentes causa en caso de falecemento da vítima, sempre que non sexan partícipes nos feitos. En todo caso, garantirase a defensa xurídica, gratuíta e especializada de forma inmediata a todas as vítimas de violencia de xénero que o soliciten.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.*

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 26, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O expediente xudicial electrónico é o conxunto de datos, documentos, trámites e actuacións electrónicas, así como de gravacións audiovisuais correspondentes a un procedemento xudicial, calquera que sexa o tipo de información que conteña e o formato en que se xerasen.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 32 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 32 bis. *Arquivos electrónicos de apoderamentos apud acta.*

1. Así mesmo, dispórase nas oficinas xudiciais con funcións de rexistro dun arquivo electrónico de apoderamentos en que se deberán inscribir os apoderamentos *apud acta* outorgados presencial ou electronicamente por quen teña a condición de interesado nun procedemento xudicial a favor de representante, para actuar no seu nome ante a Administración de xustiza.

Isto non impedirá a existencia de arquivos electrónicos de apoderamentos *apud acta* en cada oficina xudicial para a realización dos trámites específicos en cada unha.

2. Os arquivos electrónicos de apoderamentos *apud acta* deberán ser plenamente interoperables entre si, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática das solicitudes, escritos e comunicacións que se rexistren nos seus correspondentes arquivos.

Os arquivos electrónicos de apoderamentos *apud acta* permitirán comprobar validamente a representación que teñen os que actúen ante a Administración de xustiza en nome dun terceiro.

3. Os asentos que se realicen nos arquivos electrónicos de apoderamentos *apud acta* deberán conter, ao menos, a seguinte información:

a) Nome e apelidos ou razón social, número de documento nacional de identidade, de identificación fiscal ou de documento equivalente do poderdante.

b) Nome e apelidos ou razón social, número de documento nacional de identidade, de identificación fiscal ou de documento equivalente do apoderado.

c) Data de inscrición.

d) Tipo de poder segundo as facultades que outorgue.

4. Os apoderamentos *apud acta* que se inscriban nos arquivos electrónicos de apoderamentos *apud acta* deberán corresponder a algunha das seguintes tipoloxías:

a) Un poder xeral para que o apoderado poida actuar en nome do poderdante en calquera actuación xudicial.

b) Un poder para que o apoderado poida actuar en nome do poderdante unicamente en determinadas clases de procedementos.

c) Un poder especial para que o apoderado poida actuar en nome do poderdante nun procedemento concreto.

5. O poder inscribible en que a parte outorgue a súa representación ao apoderado deberá ser conferido por comparecencia *apud acta*.

O apoderamento *apud acta* outorgarase mediante comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica xudicial facendo uso dos sistemas de sinatura electrónica previstos nesta lei, ou ben mediante comparecencia persoal ante o secretario xudicial de calquera oficina xudicial.

6. Os apoderamentos inscritos no arquivo terán unha validez determinada máxima de cinco anos contados desde a data de inscrición. En todo caso, en calquera momento antes da finalización do dito prazo o poderdante poderá revogar ou prorrogar o poder. As prórrogas outorgadas polo poderdante ao apoderamento terán unha validez determinada máxima de cinco anos contados desde a data de inscrición.

7. As solicitudes de revogación, de prórroga ou de denuncia del poderanse dirixir a calquera arquivo. Esta circunstancia deberá quedar inscrita no arquivo ante o que teña efectos o poder e producirá efectos desde a data en que se produza a dita inscrición.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 33, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Os cidadáns poderán elixir en todo momento a maneira de se comunicaren coa Administración de xustiza, sexa ou non por medios electrónicos.

Así mesmo, poderase establecer legal ou regulamentariamente a obrigatoriedade de se comunicar con ela utilizando só medios electrónicos cando se trate de persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados teñan garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.»

Catro. Introdúcese un novo número 3 ao artigo 40, que queda redactado do seguinte modo:

«3. O apoderamento poderá igualmente acreditarse mediante a certificación da súa inscrición no arquivo electrónico de apoderamentos *apud acta* das oficinas xudiciais. »

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 43, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O incumprimento do deber de uso das tecnoloxías, nos termos establecidos nesta lei, por un profesional da xustiza na súa primeira comunicación cun órgano xudicial poderá ser emendado. Para estes efectos, o órgano xudicial concederá un prazo máximo de cinco días con apercibimento de que todas as súas actuacións ante ese órgano, nese ou en calquera outro proceso, así como ante calquera outro órgano do mesmo partido xudicial, se deberán realizar empregando medios electrónicos e de conformidade con esta lei.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.*

Modifícase o artigo 48 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 48. *Dereito á asistencia xurídica gratuíta.*

1. As vítimas do terrorismo a que se refire o artigo 4.1 e 2 teñen dereito á asistencia xurídica gratuíta en todos os procesos xudiciais e procedementos administrativos que teñan causa directa ou indirecta na situación que provoca a citada condición, con independencia dos seus recursos económicos, nos termos establecidos na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta. Nestes supostos, unha mesma dirección letrada asumirá a defensa da vítima. Este dereito asistirá tamén as persoas a que se refire o artigo 4 en caso de falecemento da vítima.

2. En todo caso, garantirase a asistencia xurídica gratuíta de forma inmediata a todas as vítimas do terrorismo que o soliciten. O dereito de xustiza gratuíta perderase se con posterioridade non se lles recoñece a condición de vítima ou se se dita sentenza absolutoria firme ou arquivamento firme, sen a obrigaçión de aboar o custo das prestacións desfrutadas gratuitamente até ese momento.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

Modifícase o parágrafo segundo do número 2 do artigo 8 da Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, que queda redactado do seguinte modo:

«En caso de que non se xuntase o dito xustificante por non terse realizado o pagamento mesmo ou por terse omitido a súa achega, ou cando a liquidación efectuada sexa errónea, o secretario xudicial requirirá o suxeito pasivo para que o presente ou corrixa a liquidación no prazo de dez días, e non dará curso ao escrito até que tal omisión sexa emendada. A ausencia de emenda de tal deficiencia ou de corrección da liquidación, tras o requirimento do secretario xudicial a que se refire o precepto, dará lugar á preclusión do acto procesual e á conseguinte continuación ou finalización do procedemento, segundo proceda.»

Disposición derradeira décima. *Título competencial.*

1. O artigo único desta lei e as disposicións derradeiras cuarta e sétima dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación procesual.

2. As disposicións derradeiras primeira e segunda dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.8.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación civil.

3. En relación coa disposición derradeira terceira, as reformas dos artigos 1, 2, 3, 6, 8, 10.1, 12, 16, 17, 19, 20, 21, 36 e a disposición derradeira primeira bis da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, dítanse ao abeiro das competencias que ao Estado lle atribúe o artigo 149.1.5.^a e 6.^a da Constitución española, sobre Administración de xustiza e lexislación procesual, respectivamente. As reformas dos artigos 10.2, 10.3, 13, 24, e a disposición derradeira segunda bis serán de aplicación en defecto de normativa específica das comunidades autónomas que asumisen o exercicio efectivo das competencias en materia de provisión de medios para a Administración de xustiza.

4. A disposición adicional primeira e as disposicións derradeiras quinta, sexta, oitava e novena dítanse ao abeiro das competencias exclusivas do Estado en materia de lexislación mercantil, procesual e civil e Administración de xustiza, establecidas no artigo 149.1.6.^a, 8.^a e 5.^a da Constitución.

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificacións e desenvolvementos normativos.*

1. O Goberno levará a cabo as modificacións e desenvolvementos normativos que sexan necesarios para a execución desta lei.

2. O Goberno, no prazo dun ano contado desde a publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado», remitirá ás Cortes Xerais, para a súa aprobación, o proxecto de lei que regule a capacitación profesional exixida aos graduados sociais para actuar nos procedementos laborais e de Seguridade Social, de conformidade coa Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, e que determine, entre outros aspectos, o título exixible, a formación especializada e a avaliación que se vai realizar.

Para tal efecto e co fin de elaborar, no mesmo prazo dun ano, un estudo sobre os desenvolvementos normativos necesarios para a adaptación do marco legal que posibilite, se for o caso, o acceso dos graduados sociais ao sistema de representación técnica gratuíta, constituirase, no prazo de tres meses, unha comisión mixta formada polo mesmo número de representantes do Consello Xeral da Avogacía e do Consello Xeral de Graduados Sociais, da que formarán parte os expertos, en igual número, que designe o Ministerio de Xustiza.

Disposición derradeira décimo segunda. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante, as previsións relativas á obrigatoriedade de todos os profesionais da xustiza e órganos e oficinas xudiciais e fiscais, que aínda non o fagan, de empregar os sistemas telemáticos existentes na Administración de xustiza para a presentación de escritos e documentos e a realización de actos de comunicación procesual nos termos da lei procesual e da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación, entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2016, respecto dos procedementos que se inicien a partir desta data.

Por outra parte, as previsións relativas ao arquivo electrónico de apoderamentos *apud acta* e ao uso polos interesados que non sexan profesionais da xustiza dos sistemas telemáticos existentes na Administración de xustiza para a presentación de escritos e documentos e a realización de actos de comunicación procesual nos termos anteriormente indicados entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

3. As modificacións dos artigos 648, 649, 656, 660 e 671 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, entrarán en vigor o 15 de outubro de 2015.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY